

MEMORIA XERAL



Índice

	Páxina
1. Presentación e xustificación	2
2. Datos do centro	2
3. Actuacións no verán, previas ao comezo de curso	4
4. Avaliación dos obxectivos propostos na PXA	4
5. Outros obxectivos acadados.	5
6. Obxectivos pendentes	5
7. Análise da evolución académica na etapa de infantil	6
8. Análise da evolución académica na etapa de primaria	18
9. Equipos e Departamentos	35
10. Outros proxectos do centro	72
11. Funcionamento dos órganos de goberno	69
12. Organización pedagóxica	76
13. Colaboración con outras entidades	76
14. Recursos e materiais	76
15. Actividades de formación do profesorado	76
16. Organización próximo curso	77



1_ Presentación e xustificación.

De acordo co establecido no capítulo I, apartado 5 da Orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 22 de xullo de 1997 (DOG do 02-09-97), o Equipo Directivo do C.E.I.P. Francisco Vales Villamarín, previo informe do profesorado do Centro, elabora esta memoria na que pretende recoller o grao de consecución dos obxectivos fixados na Programación Xeral Anual, as dificultades atopadas e as medidas correctoras introducidas, se é o caso.

2_ Datos do centro.

Datos xerais

- 15001124 CEIP Francisco Vales Villamarín – Betanzos (A Coruña)
- Rúa Carregal, 4 – 15300 BETANZOS (A Coruña)
- Tlfno. 881880237 – Fax 881880240
- ceip.vales.villamarin@edu.xunta.es
- <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvalesvillamarin/>

Número de unidades: 43 Totais: 11 de infantil e 31 de primaria.

EI	EP	FI	FF	EM	EF	PT	AL	DO	RC
14	31	4	1	2	4	6	3	2	2

E. Infantil	2º ciclo	4º	4a	4b	4c	4d					DISTRIBUCIÓN DO ALUMNADO POR NIVEIS E ETAPAS (25/06/2025)	
			19	18	20	19						
		5º	5a	5b	5c							
			24	23	24							
		6º	6a	6b	6c	6d						
			19	19	18	18						
								T. 4º	76			
						T. 5º	71					
						T. 6º	74	T. EI	221			

DISTRIBUCIÓN
DO ALUMNADO
POR NIVEIS
E ETAPAS
(25/06/2025)

Educación Primaria	1º	1A	1B	1C	1D	1E					
		21	20	20	21	19	T. 1º	101			
	2º	2A	2B	2C	2D	2E					
		24	23	25	25	24	T. 2º	121			
	3º	3A	3B	3C	3D	3E					
		20	20	20	19	19	T. 3º	98			
	4º	4A	4B	4C	4D	4E	4F				
		21	22	22	23	19	23	T. 4º	130		
	5º	5A	5B	5C	5D	5E					
		23	23	24	24	25	T. 5º	119			
	6º	6A	6B	6C	6D	6E					
		26	26	25	25	24	T. 6º	126	T. EP	695	TOTAL

Total profesorado: 69



Distribución de profesorado por titorías, especialidades, niveis e ciclo:

Educación infantil 2º ciclo				
Profesorado titor			Profesorado especialista	
4º n.	a	Sampedro López, Alba	Rodríguez Amoroso, Azucena	Orientadora
	b	Barros Reimúndez, Marina	Lucas Castrillón, Mª Fernanda	AL
	c	Suárez García, Mª Montserrat	Caamiña Villanueva, José María	
	d	Barral Seijas, Leticia	Rouco Vázquez, Carolina	PT
5º n.	a	Naya López, Eva	Veloso Blanco José Luís	Inglés
	b	Nieto Herranz, Carolina	Fernández Faraldo, Ana Isabel	Apoio 4º
	c	Bouza Bedoya, Mª Esperanza	Pérez Vázquez, Ana Mª	Apoio 5º
6º n.	a	Criado Vázquez, Dolores	Cao Noya, Cristina	Apoio 6º
	b	Saavedra Miño, Sonia	Suárez Castiñeira, Mª Sol	Rel. católica
	c	Barral López, Ana		
	d	Barral Regueiro, Tamara		

Educación primaria				
Profesorado titor			Profesorado especialista	
1º nivel	A	Sánchez Varela, M.ª Belén	Espiñeira Ruzo, Mª José	FI
	B	Mariño Santiago, Ana	González García, Mercedes	FI
	C	Amor Rodríguez, Sara	García Yáñez, Juan Ángel	FI
	D	Miramontes Penas, Marta	Veloso Blanco, José Luís	FI
	E	Gómez Carballido, Fátima	Díaz Bautista, José Ángel	EF
2º nivel	A	Fernández Seijo, Antonia	Monzo Seoane, David	EF
	B	Corral de Juan, Eliseo	Varela Pereira, Miguel Mª	EF
	C	Ferreiro Santos, Lorena	Villanueva Santos, Ana	EM
	D	Miramontes Penas, Marta	Sánchez Veiga, Cristina	EM
	E	Penas Fandiño, Claudia	Domínguez Lorenzo, Manuela Mª	Orientadora
3º nivel	A	Bermúdez Meijide, Mª Azucena	Fernández Castrillón, Silvia	PT
	B	Ucha Sánchez, Natalia	García Guzmán, Bárbara L.	PT
	C	López Yáñez, Mª del Carmen	Manivesa Blanco, Esther María	PT
	D	Martínez Redondo, Yolanda	Sánchez Sánchez. Jessica	
	E	Crespo Naveira, Silvia Vanessa	González Vázquez, Susana	AL
4º nivel	A	Taibo del Río, Paula Mª	Pardo Couceiro, Rocío	AL
	B	Pereira Ayude, Ricardo	Fernández Martínez, Ana Mª	Relixión cat.
		Rey Busto, Beatriz	Suárez Castiñeira, Mª Sol	Relixión cat.
	D	Dopico Campos, Iria	Sánchez Amado, Alejandro	Director
	E	Vázquez Freire, Mª Belén		
	F	Otero Romy, Mª del Mar		
5º nivel	A	Pedreira Díaz, Noelia		
	B	Paz Rey, Alberto		
	C	Bermúdez Meijide, Sonia Mª		
	D	Toimil Iglesias, Pablo		



	E	Martínez Duarte, M ^a Luisa
6º nivel	A	Romay Pérez, Alejandro
	B	Abeijón Pouso, Juan José
	C	López Carro, Belén
	D	Fernández López, Begoña
	E	Toral Garrido, M ^a del Mar

3_ Actuacións no verán, previas ao comezo do curso

Foi preciso preparar a organización de inicio de curso e actuacións de mantemento e reparacións solicitadas.

4_ Avaliación dos obxectivos propostos na PXA.

Desenvolvéronse proxectos, solicitáronse actuacións e continuáronse ou iniciáronse novas actividades ao longo do curso.

- Realizouse a revisión e actualización de parte dos documentos que conforman o PEC, así como o deseño de proxectos e plans necesarios para o desenvolvemento de actuacións de mellora: actualización do PEM (Plan Educativo de Mellora) e aprobación do PXAD (Plan Xeral de Atención á Diversidade).
- Continuouse co programa de Actividades Extraescolares, organizadas pola Asociación Cultural e Deportiva "CONCILIA", mantendo en todo momento colaboración entre esta e o centro para a optimización do aproveitamento dos recursos.
- A xornada lectiva en sesión única de mañá prolongouse un curso máis.
- A planificación do centro levouse a cabo de novo coa implicación de todos os sectores da comunidade educativa (ANPA, Consello escolar, Concello de Betanzos, Coirós e Paderne, entidades culturais e deportivas,...)
- Transmítiuse información ás familias do alumnado do centro sobre o funcionamento xeral do mesmo para o inicio do curso. Tamén se informou sobre o seguimento do proceso instrutivo e formativo dos seus fillos/as.
- Seguiuse avanzando na dotación dos edificios, e foi concedida a axuda precisa para rehabilitar o bloque B do edificio 1, de primaria.
- Realizouse a revisión anual do Plan de Autoprotección e quedou pendente o simulacro de evacuación.
- Dentro da rede ABALAR, mantívose a infraestrutura dixital dispoñible, atendendo as incidencias que se presentaron e tratouse de aumentar os recursos audiovisuais e informáticos e os seus usos. As dez unidades de 5º e 6º de primaria continuaron co Proxecto Edixgal. Realizouse o seguimento do Plan Dixital do centro e continuouse co proxecto de Polos creativos, en colaboración coa biblioteca. Os equipos responsables recibiron formación.
- A biblioteca, inscrita no PLAMBE, continuou a mellora, tanto na formación do seu equipo como na organización, xestión e mantemento dos seus recintos.
- Realizouse o mantemento da Páxina Web do Colexio.
- O PFPP (Proxecto de Formación Permanente do Profesorado) mantivo catro liñas de actuación,



desenvolvendo cinco actividades. Fomentouse e promoveuse a formación e perfeccionamento do profesorado dentro do centro ademais da formación individual.

- En programas educativos convocados pola Consellería e financiados polo FSE, contamos cun profesor especialista que atendeu en media xornada o Plan PROA+, no que un grupo de alumnado dos tres niveis de infantil recibiu apoio dentro da aula para mellorar as súas estratexias e autonomía. O Plan Estratéxico de mellora (PEM) continuou a ser actualizado.
- En PROXECTA, continuamos coas modalidades de *Proxecto Deportivo de Centro*, *"Vales Activo"* e *fomento da alimentación saudable ("Aliméntate ben")* potenciando prácticas e hábitos para unha vida activa e saudable.
- Seguimos sendo centro graduado en Educación Responsable. O claustro tivo acceso á formación e aos recursos da plataforma da Fundación Botín para aplicar as metodoloxías didácticas encamiñadas ao desenvolvemento cognitivo, social e creativo do alumnado.
- Continuouse co Proxecto de Robótica, desenvolvéronse programas a partir dos intereses do alumnado, relacionados coa programación dos niveis de 5º e 6º de primaria e a biblioteca creativa, no "recuncho fedelleiro" continuou a ofrecer unha alternativa durante os tempos de lecer.
- O Proxecto Voz Natura seguiu traballando a ecoloxía e a horta cuns excelentes resultados, sempre en coordinación co PDI da biblioteca.

5. Outros obxectivos previstos para o curso.

- As charlas de Educación Viaria, que cada ano imparte a Policía Local ao alumnado de primaria realizáronse de novo, continuando así coa formación en seguridade.
- Impartíronse as xornadas sobre drogo-dependencia, coordinadas polos servizos sociais do Concello de Betanzos, dirixidas ao alumnado de 5º e 6º niveis de E. Primaria.
- No Pleno Infantil, que se ven celebrando cada ano no Concello de Betanzos, para conmemorar a Declaración Universal dos dereitos do/a Neno/a, coa participación de 6º nivel de primaria, propuxéronse e aprobáronse mocións, que serán trasladadas o Pleno municipal.
- Co servizo de turismo do Concello de Betanzos, continuamos coa iniciativa "Coñece o teu casco", "Visitas ao Arquivo municipal", "Xira aos Caneiros",... Tamén coas visitas ao CIEC, actividades que achegan ao alumnado o coñecemento sobre a súa cidade e contorna.
- Continuou o Programa de Alerta Escolar, cun Protocolo básico de actuación co alumnado que presenta enfermidade crónica no centro, dentro do marco de Convivencia Escolar.

Ademais, acadáronse outros obxectivos co desenvolvemento de distintas actividades que xa están recollidas na parte da memoria de EACE.

6_ Obxectivos pendentes.

- Revisión das NOFC
- Revisión do Proxecto Lector de Centro.



- Rehabilitación do bloque 2 do edificio A de Primaria.

7_ ANÁLISE DA EVOLUCIÓN ACADÉMICA NA ETAPA DE INFANTIL.

7.1. Educación infantil – 2º CICLO

7.1.1. Obxectivos e organización do ciclo de educación infantil.

Obxectivos	ACADADOS	NON ACADADOS
Realización de programación introducindo nas mesmas temas transversais e as conmemoracións oficiais.	X	
Fixar criterios de avaliación e elaborar rexistros.	X	
Coordinar o uso de materiais, espazos e recursos didácticos.	X	
Elaborar material de aprendizaxe correspondente ao nivel.	X	
Acadar a implicación das familias no proceso de aprendizaxe	X	
Acadar a coordinación das familias no proceso de aprendizaxe.	X	
Acadar a coordinación entre os niveis de Educación Infantil.	X	
Participar en programas de educación medioambiental.	X	
Programar actividades conxuntas cos alumnos-as de E. Primaria.		X

Tal e como debe ser en Educación Infantil, o horario foi flexible e estruturouse deste xeito:

- Hora de lectura.
- Asemblea.
- Traballo individual.
- Xogo libre.
- Merenda.
- Recreo.
- Traballos colectivos, quebracabezas, xogo dirixido.

Todas as semanas houbo unha sesión de Inglés, unha de psicomotricidade, unha de alternativa ou relixión católica e unha de estimulación da linguaxe.

7.1.2. Evolución por niveis

Curso 4º EI



Avaliación do desenvolvemento das unidades didácticas.

- Traballamos durante o curso o PDI do centro "Un mundo cheo de ciencia". Todos os materiais foron elaborados polas mestras do nivel e fixemos.
- Ao atoparnos no primeiro curso do segundo ciclo de EI, dedicamos gran parte do primeiro trimestre a adaptación dos alumnos/as e a traballar a autonomía e a adquisición de rutinas básicas para día a día da aula.

Avaliación dos grupos de alumnos/as.

4ºA EI

A aula consta de 19 alumnos e alumnas. Dos cales, unha alumna incorporouse ao pouco de comezar o curso escolar. En xeral a maioría de alumno/as acada os obxectivos deste curso. Dentro da aula, atopamos as seguintes necesidades educativas:

- Un alumno que acude a Atención Temperá por Trastorno da Linguaxe Comunicativa.
- Dúas alumnas derivadas a Atención Temperá por dificultades ca linguaxe.
- Un alumno que está sendo valorado polo Departamento de Orientación, debido a comportamentos moi rixidos que presenta.
- Unha alumna derivada a Atención Temperá por dificultades ca linguaxe.
- Un alumno que acude a Atención Temperá por un retraso simple da linguaxe.

4ºB EI

O grupo consta actualmente de 18 alumn@s, xa que a finais do 3º trimestre produciuse a baixa dunha alumna. Unha gran parte dos alumno/as acadan os obxectivos deste curso. Na aula atopamos as seguintes necesidades educativas:

- Un alumno con retraso madurativo da linguaxe que recibe dúas sesións semanais de PT e AL e un alumno con retraso madurativo da linguaxe e tamén a nivel motriz. Recibe dúas sesións de PT. Ademais, precisa coidador. Ambos alumnos xa acudían a AT antes de estar escolarizados no centro.
- Un alumno con retraso madurativo da linguaxe, valorado polo DO durante este curso e derivado a AT. Acudindo actualmente.
- Unha alumna con retraso madurativo da linguaxe e dificultades a nivel social valorada polo DO durante este curso e derivada a AT. Acudindo actualmente.
- Un alumno que acude actualmente a AT que foi derivado durante o curso polo servizo de pediatría por posibles dificultades de xestión emocional.



- Dous alumnos con posible retraso madurativo da linguaxe, actualmente en proceso de valoración por parte do DO e pendentes de derivar a AT.
- Unha alumna en proceso de valoración por parte do DO e pendente de derivar a AT.

4°C

A aula conta con 20 alumnos/as. Destes alumnos/as, un deles incorporouse a finais do mes de febreiro. A maioría dos alumnos/as acada os obxectivos do curso. Na aula atopamos as seguintes necesidades educativas:

- Dous nenos, ambos con retraso madurativo da linguaxe. Inicialmente nos atopamos con outro alumno coas mesmas dificultades, pero foi solventando ditas dificultades ao longo do curso.

4°D

A aula conta con 19 alumnos/as. Unha das alumnas incorporouse xa comezado o primeiro trimestre. A maioría dos Alumnos/as acada os obxectivos do curso. Na aula atopamos as seguintes necesidades educativas:

- Un alumno con retraso madurativo da linguaxe e dificultades motrices. Acude dende comezo do curso a atención temperá. Na aula recibe dúas sesións do especialista de PT. Ademais precisa de coidadora por falta de control de esfínteres.
- Un alumno con retraso madurativo da linguaxe e con comportamentos ríxidos. Acode dende comezo de curso a AT. Ademais, durante este curso ten dúas sesións co especialista de PT.
- Unha alumna con retraso madurativo da linguaxe que foi valorada durante o segundo trimestre polo DO e derivada a atención temperá. Actualmente acode a AT.

Valoración dos agrupamentos.

Hai que facer constar que, dada a elevada presenza de alumnado con NEE permanentes en cada aula, os grupos deberían ser menos numerosos, solicitando unha ratio de 15 alumnos/as por mestre e máis apoios (tanto especialistas en PT e AL como coidadores), tendo en conta as necesidades que presenta o alumnado deste nivel.

Curso 5º EI

Avaliación do desenvolvemento das unidades didácticas.



- Traballamos durante todo o curso o PDI do centro "Un mundo cheo de ciencia" e fixemos pequenos proxectos relacionados con diferentes temáticas. Todos os materiais foron elaborados polas mestras do nivel.
- Tamén utilizamos o libro de Matemáticas 2 da editorial Anaya ao longo dos tres trimestres.

Avaliación dos grupos de alumnos/as.

5º A

- O grupo comezou con 22 alumnos/as. A finais do segundo trimestre houbo dúas incorporacións ; unha nena de orixe peruana e un neno de Colombia. Actualmente temos 24 alumnos.
- En xeral, a maioría do alumnado acadou os obxectivos previstos.
- Na aula hai un alumno con necesidades educativas especiais. Está diagnosticado polo servizo de neuropediatría do materno como trastorno do neurodesenvolvemento. Ten concedida unha discapacidade do 68 %. Acude catro días á semana á escola. O resto dos días o seu horario é de tres horas diarias. Os luns vai a unha terapia fóra do concello e os mércores vai ao SAT do concello. Na escola recibe dúas sesións de PT e unha de AL. O resto das horas permanece en aula coa titora e a coidadora. A súa asistencia á escola está condicionada pola falta de medios. A súa asistencia non é continuada. A súa familia é de orixe estranxeira (Bangladesh) e presentan dificultades coa linguaxe. Na aula hai outra nena diagnosticada dun Retraso na linguaxe e acude ao SAT do concello. Na escola recibe unha sesión de AL. Hai outra nena con problemas na linguaxe pendente de valoración.

5º B

- O grupo está formado actualmente por 23 alumn@s. Durante o curso houbo no primeiro trimestre unha baixa e dúas altas.
- En xeral acadáronse os obxectivos previstos, agás o alumnado con algún tipo de NEE ou NEAE.
- Na aula hai un neno con TEA e outro alumno cun trastorno do neurodesenvolvemento. con sesións de PT e AL Estes alumnos acoden a Atención Temperá.
- Na aula hai 4 alumnos con trastornos da linguaxe que acoden a atención temperá, necesitando para o vindeiro curso sesións de AL. Así mesmo, outra alumna está pendente de valoración polo DO e outro alumno que non acade os obxectivos de aula en proceso de valoración.
- Debido ao escaso número de persoal especialista de PT e AL, o alumnado con NEAE da aula conta cun número insuficiente de sesións, repercutindo no seu progreso e tamén no do resto do alumnado da aula.

5º C

- O grupo está formado por 24 alumnos.



- No primeiro trimestre incorporouse unha nena peruana, e empezado o segundo trimestre incorporase outra nena. Ningunha das dúas estiveron previamente escolarizadas, polo que non acadan o nivel do resto da clase, necesitando apoio por parte da mestra titora.
- En xeral, acadáronse os obxectivos previstos agás un alumno que presenta NEE, e que precisou apoio por parte da mestra titora e da mestra de AL, e que asiste a Atención Temperá.
- Existe alumnado con diversos problemas de fala pendentes de valoración.

Valoración dos agrupamentos.

Hai que facer constar que os grupos deberían ser menos numerosos, solicitando unha rateo de 15 alumnos/as por mestre e máis apoios, tendo en conta as necesidades que presenta o alumnado deste nivel.

Curso 6º EI

Avaliación do desenvolvemento das unidades didácticas.

- Traballamos durante todo o curso o PDI do centro “Un mundo cheo de ciencia”. Convertémonos en científicos investigando sobre un mundo cheo de luces e cores, descubrindo estas propiedades a través de experimentos manipulativos.
- Tamén se utilizou o libro de Matemáticas manipulativas, Proxecto Canicas, nivel 3 ao longo dos tres trimestres.

Avaliación dos grupos de alumnos/as.

6º A

- O grupo consta de 19 alumnos e alumnas.
- Na aula hai tres alumnos con NEE por Tea e discapacidade, os tres acoden semanalmente ao SAT de Betanzos e teñen o apoio dos especialistas de PT e AL en función de necesidades. Un deles seguirá precisando tamén o apoio do persoal coidador toda a xornada.
- Acadáronse os obxectivos previstos para este curso escolar.

6º B

- O grupo está formado por 19 alumn@s. Comezamos o curso con 18 e houbo unha nova incorporación a principios de marzo dunha nena brasileira.
- Na aula hai varios casos con necesidades:



-Un alumno con NEE(TEA) que conta con apoio de PT e AL e de auxiliar- coidadora. Ademais, recibe apoio externo, xa que acude a un gabinete privado. Este curso estivo flexibilizando o último nivel de etapa, así que promociona de forma automática aínda que non acadara os mínimos da etapa.

- Un alumno con NEAE, que acude ao SAT, actualmente, está pendente de valoración e recibe apoio das especialistas de PT e AL no centro.

- Un alumno con NEAE, sen diagnóstico, con informe psicopedagógico, que acude o SAT semanalmente.

- Un alumno con NEAE, con informe psicopedagógico, pendente de valoración polo servizo de Neuroloxía.

- Un alumno con NEAE, sen diagnóstico, que acude ao SAT, por posible retraso do neurodesenvolvemento.

En xeral, a maioría do alumnado acadou os obxectivos previstos, agás un neno que presenta NEE, que está flexibilizando.

Cabe destacar que debido ao gran número de alumnado con necesidades, resultou nalgúns casos complexo o desenvolvemento normal da aula debido ás continuas chamadas de atención algúns destes alumnos.

O persoal especialista de PT e AL así como coidadores resulta insuficiente para atender ao alumnado con NEAE da aula, repercutindo no seu progreso e tamén no do resto de nenos e nenas da aula.

6ºC

· O grupo está formado actualmente por 18 alumnos/as. En xeral, os obxectivos programados foron acadados pola maioría dos nen@s, agás tres alumnos/as que presentan NEE:

o Un alumno con NEE (TEA – grado 3) que conta con apoio de PT e AL e de auxiliar coidadora. Ademais, recibe apoio externo, xa que acude a Atención Temprá. Este curso estivo flexibilizando o último nivel de etapa, así que promociona de forma automática aínda que non acadara os mínimos da etapa.

o Unha alumna con NEE (TEA – grado 2) que conta con apoio de PT e AL. Ademais, recibe apoio externo, xa que acude a Atención Temprá. Para o vindeiro curso flexibilizará o último curso do ciclo.

o Unha alumna con NEE (trastorno da linguaxe) que conta con apoio de PT e AL. Ademais, recibe apoio externo, xa que acude a Atención Temprá. Incorporouse ao colexio a finais de setembro procedente de Cuba. Apenas estivo escolarizada antes. Para o vindeiro curso flexibilizará o último curso do ciclo.



- Hai outro alumno que tamén presenta NEE, sendo valorado polo departamento de Orientación e os resultados obtidos apuntan a unha baixa capacidade cognitiva que fai que non acade os obxectivos propostos, polo que se deriva a pediatría e servizos de atención temperá para valoración e propónse para flexibilizar o último curso do ciclo.
- O resto do alumnado si promociona a educación primaria, aínda algúns deles presentan NEAE:
 - o Alumno con TEA grado 1
 - o Alumno con Precocidade intelectual
 - o Alumno con Precocidade intelectual
 - o Alumno con posible TDAH (pendente de valoración)
 - o Dúas alumnas con dislalias
- Dificultades atopadas:
 - o As crises recorrentes do alumnado con NEE distorsionan e en ocasións impiden realizar a práctica diaria da aula (berros, autolesións, choros, non tolerancia á frustración, dificultades de adaptación aos imprevistos ou cambios, saídas da aula, etc.)
 - o O persoal especialista de PT e AL así como coidadores resulta insuficiente para atender ao alumnado con NEE/NEAE do centro, repercutindo no seu progreso e tamén no do resto de nenos e nenas da aula.

6º D

- O grupo consta de 20 alumn@s.
- En xeral, a maioría do alumnado acadou os obxectivos previstos, aínda que debido ao gran número de alumnado con necesidades resultou nalgúns casos complexo debido ás condutas disruptivas e a atención que precisa este alumnado.
- Na aula hai varios alumnos con necesidades:
 - o Dous alumnos/as con diagnóstico TEA.
 - o Un alumno con dificultades na linguaxe que recibe apoio das especialistas de AL e PT no centro e en horario extraescolar acude ao SAT. Está pendente de valoración.
 - o Un alumno con precognición cognitiva.
 - o Un alumno diagnosticado con TDAH.
 - o Un alumno que acudo ao SAT.

Na aula reciben apoio dous destes alumnos por parte de PT e AL, un terceiro por parte de AL e ademais os dous diagnosticados con TEA precisan auxiliar coidador.

Valoración dos agrupamentos.



Hai que facer constar que, dada a elevada presenza de alumnado con NEE permanentes en cada aula, os grupos, na maioría das ocasións, quedaron sen a figura da mestra de apoio a infantil, por ter que atender esta mestra aos nenos con necesidades.

7.1.3. Psicomotricidade, estimulación da linguaxe e apoios.

Psicomotricidade

- O desenvolvemento psicomotriz é un factor esencial no desenvolvemento xeral do neno, na súa autonomía, personalidade, adquisición de coñecementos e equilibrio. Unha das mellores formas de traballar a psicomotricidade na educación infantil é a través do xogo, acadando a evolución plena das capacidades do neno/a.
- Fixouse unha sesión semanal de psicomotricidade en cada aula, traballada sempre a través do xogo lúdico e motriz. Ademais de traballar aspectos como esquema corporal, percepción espacial, coordinación dinámico-xeral..., tamén se traballou a linguaxe musical a través de bailes, secuencias rítmicas, dramatizacións,... adecuado a cada un dos niveis.
- A metodoloxía utilizada caracterizouse por ser global, activa, participativa, creativa, significativa e lúdica.

Estimulación da linguaxe

Levou a cabo a través dunha sesión semanal en cada aula, e estivo dirixida a estimulación e mellora da linguaxe oral de cada neno, utilizando sempre unha metodoloxía lúdica. Para iso empregáronse recursos didácticos como os contos, xogos de mesa, xogos manipulativos, conversas espontáneas...

Apoio nas titorías

- En todo momento se mantivo a coordinación coas titoras do nivel e con outros especialistas que entraban nas aulas para reforzar a aqueles alumnos e alumnas que as titoras estimaron que precisaban atención máis individualizada nos aspectos da aprendizaxe que máis lles custaba. Este apoio, en moitos casos, ía destinado exclusivamente ao alumnado con NEAE.
- Tamén se prestou apoio en todas as saídas e mantívose a coordinación co resto do profesorado para colaborar na realización de actividades complementarias como festa da auga, instalacións, entroido, Letras Galegas...
- En todas as aulas se programaron actividades coincidindo con datas sinaladas como o día contra a violencia de xénero, o día de Rosalía....
- Tamén se aproveitou o horario de apoio para levar a cabo actividades de Voz Natura e do Plan Proxecta como a plantación e coidado do horto, acondicionamento do xardín con materias de refugallo, apadriñamento de plantas na aula, coidado de vermes de seda, etc.



- A organización dos apoios non tivo un efecto real nin sostible debido ás constantes interrupcións provocadas polas gardas. O número reducido de persoal dispoñible para cubrir ausencias en Educación Infantil obrigou a empregar sistematicamente os profesionais de apoio para realizar gardas cada vez que faltaba máis dunha persoa. Esta situación provocou que os apoios previstos se desfixeran con frecuencia, converténdose nun recurso inestable e pouco eficaz. A imposibilidade de manter unha programación continuada dificultou notablemente a planificación e o desenvolvemento das intervencións educativas dentro das aulas, reducindo de maneira significativa o impacto dos apoios previstos. Así, en 4º de infantil elimináronse máis de 70 sesións de apoio para convertelas en gardas, en 5º elimináronse 40 e en 6º 38. A diferenza notable entre 4º e 5º/6º é que as mestras de apoio en moitos casos, e dado que o persoal coidador é insuficiente para atender ao alumnado NEE que precisa acompañamento permanente, dedicaban o apoio a este alumnado que non podía estar sen unha persoa, polo que esa sesión non se podía suprimir. Isto supuxo unha carga excesiva para a mestra de apoio de 4º e non permitiu que os obxectivos do apoio se desenvolveran na súa maioría.

7.1.4. Especialistas.

Relixión.

- A profesora de Relixión en Educación Infantil de CEIP “Francisco Vales Villamarín” durante o curso 2023-24 foi María Sol Suárez Castiñeira
- Os nenos e nenas tiveron o seu primeiro contacto con Xesús e a súa familia podéndose sentir identificados con eles mesmos e as súas respectivas familias.
- Neste curso acadáronse todos os obxectivos. Coñecer e respectar elementos relixiosos do entorno familiar, social e natural, sentíndose membros da comunidade a que pertencen; utilizar distintos tipos de linguaxe para expresar diferentes manifestacións, sentimentos e actitudes relixiosas; recoñecer e expresar accións dos cristiáns nas celebracións relixiosas así coma as diferentes posibilidades da comunicación con Xesús; ter una actitude de leducia, colaboración e respecto no ámbito familiar e escolar; respectar, coidar e preocuparse polas persoas.
- En Educación Infantil traballáronse os contidos propios de cada nivel dándolles aos nenos o material adaptado a cada un dos temas da programación.

Inglés.

Durante este curso académico 2024-2025, a materia de Inglés en Educación Infantil foi impartida por JOSÉ LUIS VELOSO BLANCO nos tres niveis: 4º(LIÑA 4), 5º(LIÑA 3) e 6º (LIÑA 4), sendo en total 11 grupos. As clases tiveron lugar nas propias aulas, cunha sesión semanal por grupo.

Dado que a materia que estamos a tratar aquí é unha lingua, o obxectivo principal foi que os nenos e as nenas a adquirisen da forma máis natural posible, do mesmo xeito que ocorre coa lingua materna, e dunha maneira o máis lúdica posible tendo en conta a etapa educativa na que nos atopamos.



Na etapa de Infantil os contidos e obxectivos relacionados coa lingua estranxeira son de aproximación e desenvolvemento dunha actitude positiva cara ela, despertando así certa curiosidade pola existencia doutras linguas diferentes ás do seu entorno máis preto, así como empezar a participar en interaccións moi sinxelas empregando dito idioma, respectando sempre as normas que rexen estes intercambios.

Tendo isto en conta, deuse importancia ao establecemento de certas rutinas na aula co obxectivo de que o alumnado empregase a lingua estranxeira en situacións sinxelas de comunicación, tales como saúdos e despedidas, instrucións diarias da aula, o tempo, días da semana, a data, as cores, número de compañeiros/as, partes da cara ou do corpo, animais, froitas, aniversarios...

As actividades dentro de cada unidade foron variadas, tanto para que o alumnado estivese motivado e expectante, así como para responder ás diferentes necesidades dentro da aula (tipos de personalidades -introvertidas ou extravertidas- e ritmos de aprendizaxe). Para este fin utilizáronse materiais como cancións, contos, vídeos, xogos de memoria e de encontrar a parella, “picture dictations” (ditados de debuxos), bingos, actividades con “flashcards” (tarxetas ilustradas), actividades TIC, etc., todos eles co obxectivo de desenvolver a comprensión do idioma e o paulatino emprego da lingua por parte do alumnado. Do mesmo xeito, as actividades foron desenvolvidas pensando nas diferentes necesidades do alumnado con posibles NEE ou dificultades de aprendizaxe, adaptando e/ou reforzando as mesmas segundo as súas necesidades.

Cabe dicir que ao longo do curso non se utilizou material de editorial, senón que a fabricación dos recursos didácticos estivo a cargo do propio mestre de Inglés. Isto permitiu adaptar de maneira máis específica os contidos á realidade máis próxima do alumnado, acadando deste xeito, maior motivación pola súa parte.

En conclusión, os nenos e nenas en xeral estiveron moi motivados co Inglés, mostrando na maioría dos casos unha actitude favorable cara a lingua estranxeira.

Audición e Linguaxe.

- Para dar resposta ás necesidades específicas de apoio educativo do alumnado de EI contou-se cunha mestra de AL adscrita a dita etapa (M^a Fernanda Lucas Castrillón) que, seguindo as directrices marcadas polo Departamento de Orientación e os criterios de priorización para o establecemento dos apoios, prestou apoio a un total de 17 alumnos/as con necesidades educativas especiais asociadas a retraso da linguaxe, dificultades da comunicación, aprendizaxe, retraso da fala e TEA. Alumnado de todos os niveis, pero con moita mais carga en 6º de EI.
- A resposta educativa ao alumnado NEAE por parte da mestra de AL foi levada a cabo tanto dentro coma fóra da aula ordinaria, durante medias sesións e incluso sendo estas compartidas.



- A organización horaria estivo suxeita a modificacións pola chegada de matriculacións novas de alumnado con NEE, polo carácter transitorio das necesidades educativas, criterios pedagóxicos e/ou organizativos e os cambios nos horarios de atención temperá.
- Houbo alumnos/as de 4º, 5º e 6º de EI con diferentes dificultades na linguaxe e na fala (retraso da mesma, dislalias fonéticas e fonolóxicas) que non recibiron apoio individualizado (por falta de horario) quedando en lista de espera para o vindeiro curso. As sesións do alumnado de 3 anos foron claramente insuficientes.
- O elevado número de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) e de alumnado con NEE neste curso, fan que sexa imposible prestar atención a todas as necesidades e realizar as intervencións que realmente serían necesarias para un axeitado desenvolvemento e aprendizaxe dos alumnos/as. Dada a situación actual do alumnado e as crecentes dificultades que manifesta, así coma a importancia que a conquista da linguaxe ten para o desenvolvemento en todos os ámbitos, é fundamental incrementar o profesorado especialista en AL.
- Salientar a colaboración co DO, o servizo de atención temperá e os diferentes servizos externos, así coma a coordinación coas familias ao longo do curso.

Pedagogía terapéutica

- Neste curso 2024/2025, a etapa de educación infantil tivo adscrita unha mestra de PT a tempo completo, Carolina Rouco, substituída por Gloria Matilde Curros e José María Caamiña Villanueva (mestre PT PROA+). Tendo en conta as sesións dispoñibles e as necesidades, atendeuse a un total de 24 alumnos/as. A resposta educativa dirixiuse cara ó alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE), prestando apoio exclusivamente ao alumnado con necesidades educativas asociadas ás necesidades educativas especiais (NEE) e discapacidade.
- A intervención dos especialistas de Pedagogía Terapéutica foi levada a cabo dentro e fóra da aula ordinaria. Tal e como recolle o Decreto 374/1996 e a Orde do 8 de setembro de 2021, a intervención por parte do PT será normalmente na aula ordinaria, deixando a intervención fóra da aula ordinaria como unha opción excepcional que debe xustificarse. A duración das sesións foron de 25 minutos para poder atender o maior número posible de alumnado con NEE, e de maneira individualizada e compartida en función das posibilidades do alumnado. No caso dos agrupamentos de alumnado nunha mesma sesión correspóndese con criterios pedagóxicos e organizativos, agrupando só ao alumnado que comparta características e se poida beneficiar de esta. A organización horaria estivo suxeita a modificacións pola incorporación de alumnado con NEE en escolarización extraordinaria, e polos cambios de terapias e apoios externos do alumnado que precisa acompañamento constante.
- As funcións do especialista de PT leváronse a cabo a nivel de centro, aula e alumno, destacando a estreita colaboración co DO, detección de necesidades, planificación de horarios para o alumnado NEAE, colaboración entre os distintos profesionais, organización de espazos e recursos, coordinación coas familias e intervención directa co alumnado.



- Debido ao elevado número de alumnado NEAE na etapa educativa de Educación Infantil e á presenza de alumnado con grandes dificultades, houbo que priorizar en moitas ocasións a existencia dun apoio por riba dos criterios pedagóxicos. Isto levou a que non todo o alumnado con NEAE puidese ser atendido o número de sesións que o departamento de orientación tiña previsto. De cara ao vindeiro curso as necesidades previstas mantéñense e incluso aumentan, polo que sería aconsellable que se puidese atender a todo o alumnado o número aconsellable de sesións.
- Destacar que dado o elevado número de alumnado atendido e as dificultades que presentan, foi preciso crear un aula B para o segundo mestre de PT, e ter dous espazos nos que poder atender ó alumnado, pois cada vez se incrementa mais o número de alumnado que o precisa.
- Como proposta de mellora consideramos preciso crear unha aula multisensorial debido ás características e necesidades especiais do noso alumnado.

7.1.5. Informe final do período de adaptación (3 anos).

Na Orde do 22 de xullo de 1997 establécense unhas pautas para o Plan de Adaptación para o alumnado de E. Infantil que se incorpora por primeira vez ao centro, que este ano segundo a ORDE do 3 de maio de 2023 optamos por unha incorporación gradual do alumnado matriculado no cuarto curso da etapa, sen prolongarse máis alá do 15 de setembro de 2023.

Hai que resaltar que durante o período de adaptación contouse coa colaboración de todas as mestras de Apoio para que o proceso fose o máis doado posible. Por quendas e con adaptación de horario, o período de adaptación resultou satisfactorio.

7.1.6. Resumo curso escolar e avaliación.

Todo o ciclo participamos no PDI do Centro baixo o título: "A ciencia", traballando por proxectos todos os niveis.

Cada curso aumenta o número de alumnado NEAE no Centro o que xerou uns cambios tanto a nivel organizativo (espazos, recreo, recursos humanos,...) como na incorporación de persoal docente e non docente, que é totalmente insuficiente e no caso do auxiliar técnico educativo non cumpre a rateo de 1 coidador por cada 6 NEE, polo que solicitamos o cumprimento desa rateo. Así mesmo, supuxo unha reestruturación de todos os apoios do Ciclo. Precisaríanse moitos máis recursos para mellorar a atención de todas as NEE.

Atopámonos con varios atrancos na nosa labor educativa:

- Falta de zonas de sombra e xogos exteriores insuficientes.
- A falta de xogos, supliuse por material aportado polas familias.
- Non hai WC na sala de usos múltiples, nin no comedor.



A **avaliación** do alumnado realizouse en tres fases:

- Enquisa de avaliación inicial por titorías.
- Listaxe de control con indicadores de avaliación de todos os temas.
- Informe final de nivel e informe de avaliación final de ciclo.

Comunicáronse os resultados a través de boletíns segundo PROENS.

8_ ANÁLISE DA EVOLUCIÓN ACADÉMICA DA ETAPA DE PRIMARIA

8.1_ Niveis

8.1.1_ Primeiro ciclo

1º Nivel de educación primaria

Programación xeral do curso.

Estivo en todo momento conforme ós obxectivos xerais do nivel e da etapa e ó recollido no Proxecto Curricular de Centro, tal e como xa se especificou na PXA. Durante parte do primeiro trimestre, levouse a cabo polo profesorado do nivel a redacción da programación didáctica e das actividades a realizar en cada área a través da nova aplicación PROENS.

Ao longo do curso traballamos e investigamos sobre a OCEONAGRAFÍA seguindo o PDI deste ano titulado UN MUNDO CHEO DE CIENCIA.

O desenvolvemento da programación foi lento no primeiro trimestre e, unha vez adquirida a lectoescritura, seguiu un ritmo máis normalizado aínda que a temporalización programada foi difícil de seguir.

Resultados académicos do alumnado.

Todos os alumnos e alumnas promocionan ao seguinte curso.

En 1ºA seis alumnos non alcanzan os obxectivos nalgunha área (4 nenos e 2 nenas)

En 1º B dúas alumnas non alcanzan obxectivos en case tódalas áreas.

En 1ºC catro alumnos non alcanza os obxectivos nalgunha área.(3 nenos e 1 nena)

En 1ºD catro alumnos non alcanzan os obxectivos nalgunha área.(3 nenos e 1 nena)

En 1ºE catro alumnos/as non alcanzan os obxectivos nalgunha área.

Apoio ao alumnado con NEAE.

	1º A	1º B	1ºC	1º D	1ºE	TOTAIS



PT	1	2	2	2	2	10
AL	1	2	1	2	2	8

Número de alumnado con NEAE por aula.

	1ºA	1ºB	1ºC	1ºD	1ºE
Nº alumnos	3	4	2	2	4

Ademais, debido as necesidades dalgúns alumnos, foi necesaria a presenza de dúas coidadoras en tódalas aulas agradecendo a súa disposición e implicación no traballo.

Comunicación coas familias.

As reunións coas familias tiveron lugar ao comezo do curso (unha antes do inicio das clases, en setembro, con todas as familias de primeiro e outra coas familias de cada grupo-clase no mes de outubro). Por outra banda, as titorías foron realizadas dentro do horario destinado para tal fin (os martes, de 17.00 a 18.00).

A maiores empregouse o canle de comunicación da xunta (ABALAR) para todas as mensaxes e avisos importantes así como para xustificación de faltas, entre outras funcións.

Coordinación dentro do curso.

A coordinación entre o profesorado do nivel foi moi satisfactoria, traballando nun clima de comunicación, respecto e cooperación. A coordinación entre niveis e co resto de equipos do centro manifestouse principalmente á hora de traballar as conmemoracións establecidas e na organización das actividades complementarias levadas a cabo.

Propostas de mellora.

1. Aumentar os apoios para o alumnado con NEAE.
2. Revisar os mobles das aulas para acondicionálas.
3. Revisar os estores e as ventás.
4. Acondicionar a aula de inglés da zona de primeiro xa que conta con humidades e se emprega para algunhas actividades.
5. Revisar as moquetas.
6. Limpeza da zona de terra e revisión da peche que está deteriorado.
7. Imantar as paredes de primeiro para colocar os traballos dos nenos e nenas ou poñer máis zonas de cortiza.
8. Revisar libros da biblioteca de aula para ver se se pode expurgar algún.



2º Nivel de educación primaria

Programación xeral do curso.

Estivo en todo momento conforme ós obxectivos xerais do nivel e da etapa e ó recollido no Proxecto Curricular de Centro, tal e como xa se especificou na PXA. Durante parte do primeiro trimestre, levouse a cabo polo profesorado de nivel a redacción das programacións didácticas e das actividades a realizar en cada área a través da aplicación PROENS.

Nas áreas de Lingua Galega e Lingua Castelá, priorizamos os estándares relacionados coa linguaxe oral, lectura e comunicación escrita. Na área de Matemáticas potenciamos a descomposición numérica e o cálculo como base para as demais aprendizaxes da área.

Ao longo do curso traballamos unha alimentación saudable a través do programa "Aliméntate ben", realizando diferentes actividades. Tamén participamos no programa de Voz Natura facendo actividades con material reciclado e plantando distintos tipos de verduras nos bancais da horta escolar. Ademais, investigamos sobre a bioloxía, os alimentos e a meteoroloxía, así como experimentamos coa ciencia para contribuír ao PDI do centro titulado "Un mundo cheo de ciencia".

Resultados académicos do alumnado.

Os resultados acadados polo alumnado do 2º nivel foron bastante favorables, a maior parte dos alumnos e alumnas promocionan ao seguinte curso, a excepción de:

- En 2ºA non superan os obxectivos e non promocionan unha alumna e un alumno.
- En 2ºB 4 alumnos non superan os obxectivos en unha ou varias áreas e dous deles non promocionan.
- En 2º C 5 alumnos non superan os obxectivos en unha ou varias áreas e non promocionan dous deles.
- En 2ºD 4 alumnos non superan os obxectivos en unha ou varias áreas e non promociona unha delas.
- En 2ºE 4 alumnos non superan obxectivos en unha ou varias áreas e non promocionan 2 deles.

Apoio ao alumnado con NEAE.

	2º A	2º B	2ºC	2º D	2ºE	TOTAIS
PT	2	1	3	1	3	10
AL	0	2	2	1	3	8

Debido á falta de recursos humanos, este ano só se atendeu ao alumando NEE e moito alumnado NEAE, que precisaría reforzo ou apoio, non puido ter horas de PT, AL nin dun docente con dispoñibilidade horaria.



Comunicación coas familias.

As reunións coas familias tiveron lugar coas familias de cada grupo-clase no mes de outubro. Por outra banda, as titorías foron realizadas dentro do horario destinado para tal fin (os martes, de 17.00 a 18.00), ben de xeito presencial ou ben de xeito telemático.

Coordinación dentro do curso.

A coordinación entre o profesorado do nivel foi bastante satisfactoria, traballando nun clima de comunicación, respecto e cooperación.

A coordinación entre niveis e co resto de equipos do centro manifestouse principalmente á hora de traballar as conmemoracións establecidas e na organización das actividades complementarias levadas a cabo. Todas as actividades organizadas (21 días co galego, feira científica...) puidéronse realizar grazas a colaboración de todo o profesorado.

Tamén se contou coa colaboración das familias, as cales foron implicadas nalgunha das conmemoracións traballadas, así como nalgunha que outra tarefa de aula, a través da aportación ou elaboración de materiais para estas.

Propostas de mellora.

- Solicitar máis persoal de PT e AL que atenda a todas as necesidades do alumnado.
- Solicitar máis persoal para que se poidan realizar as horas de apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Intentar ter preto dos baños as aulas dos nenos e nenas que non teñen tanta autonomía para ir ao servizo e para poder controlalos mellor.
- Ter a disposición do profesorado unha impresora no bloque de 2º, 3º e especialistas e posibilidade de que estean en rede para poder imprimir desde as aulas.
- Buscar un horario para poder facer reunións, AL, PT, titores e orientación.
- Máis coordinación co servizo de comedor de cara á resolución de conflitos.

8.1.2_ Segundo ciclo

3º Nivel de educación primaria

Programación xeral do curso.

Estivo en todo momento conforme ós obxectivos xerais do nivel e da etapa e ó recollido no Proxecto Curricular de Centro, tal e como xa se especificou na PXA. Durante a primeira quincena do mes de setembro,



levouse a cabo polo profesorado do nivel a redacción da programación didáctica e das actividades a realizar en cada área a través da aplicación PROENS.

Nas áreas de Lingua Castelá e Lingua Galega priorizáronse os criterios de avaliación relacionados coa linguaxe oral, a expresión escrita e a comprensión lectora.

Na área de Matemáticas continuouse cunha metodoloxía manipulativa, que xa se iniciara con este alumnado anteriormente. Principalmente potenciouse o uso das regretas, a descomposición numérica e o cálculo como base para as demais aprendizaxes da área.

As áreas de Ciencias Sociais, Ciencias Naturais e Plástica tratáronse de relacionar co entorno próximo ao alumnado e a súa investigación. Ademais, vinculáronse varios dos contidos coa temática do PDI do centro (O bosque dos contos).

En xeral, a programación foise desenvolvendo de forma correcta durante todo o curso académico, aínda que cun ritmo bastante lento.

É importante mencionar que todo o alumnado promociona por ser o primeiro curso do segundo ciclo.

Resultados académicos do alumnado.

3º A	3ºB	3ºC	3º D	3º E
1 alumno non supera 1 área 1 alumna non supera 3 áreas 1 alumno non supera 2 áreas	1 alumna non supera 4 áreas	1 alumno non supera 2 áreas	1 alumno non supera 3 áreas	

Apoio recibido durante este curso ao alumnado con NEAE.

Os apoios distribuíronse do seguinte xeito:

	3ºA	3ºB	3ºC	3ºD	3ºE
PT	2	1	0	2	2
AL	2	1	3	2	3

Ademais, neste curso, creouse un grupo de reforzo da lectoescritura para o alumnado que tiña diversas dificultades nela ou non a tiña ben asentada. A este grupo asistían 2 alumnos de 3ºB e 1 alumno de 3ºA.

Solicitude apoio previstos para o curso que ven

3º A	- Continuar cos apoios deste curso. - É importante dicir que queda un alumno pendente de avaliación psicopedagóxica por parte do Departamento de Orientación.
3º B	- Manter os apoios establecidos, engadindo un alumno máis para PT.
3º C	- Continuar cos apoios deste curso.
3º D	- Continuar cos apoios de AL e PT aos 2 alumnos. - Hai dúas alumnas pendentes de valoración psicopedagóxica dende o segundo trimestre.
3º E	- Continuar cos apoios establecidos.



Cómpre dicir que unha alumna de 3ºA comezou a ter apoio de PT o 6 de febreiro e outro alumno da mesma aula empezou a ter apoio de AL o 25 de abril. Polo tanto, cremos que para o curso que ven se debería de comezar canto antes este tipo de apoios para poder aproveitálos e reorganizar os horarios o mellor posible.

Comunicación coas familias.

En primeiro lugar, a reunión de comezo do curso tivo lugar coas familias de cada grupo-clase no mes de outubro.

Por outra banda, as titorías foron realizadas dentro do horario destinado para tal fin (os martes de 17:00 a 18:00), ben de maneira telefónica ou presencial.

Ademais, todo tipo de comunicacións e avisos para as familias realizáronse a través da aplicación Abalar e, incluso nalgúns casos, por correo electrónico.

Coordinación dentro do curso.

A coordinación entre o profesorado do nivel foi bastante satisfactoria, traballando nun clima de comunicación, respecto e cooperación.

É importante dicir que todos os terceiros martes de cada mes houbo unha reunión de coordinación dos mestres adscritos ao nivel. O profesorado titor acudiu ás distintas reunións para facer o seguimento do proceso ensino- aprendizaxe do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

A coordinación entre niveis e co resto de equipos do centro manifestouse principalmente á hora de traballar as conmemoracións establecidas e na organización das actividades complementarias levadas a cabo.

Formación do profesorado:

O profesorado do nivel participou en diferentes conferencias, charlas, cursos de formación e seminarios que se deron ao longo do curso como parte do PFPP. En concreto, destacou o PFPP relacionado coas Matemáticas Manipulativas ao que asistimos todos os titores/as de 3º. Tamén se fixeron formacións en materia de biblioteca (contos), TIC (robótica e STEM), atención á diversidade (comunicadores), etc.

Propostas de mellora:

- Solicitar máis persoal de PT e AL para atender con calidade ao numeroso alumnado con NEAE do centro.
- Incrementar o profesorado titor que permita reducir a carga horaria e posibilitando apoios dentro das aulas.
- Ter os horarios do profesorado de PT e AL o antes posible, así como os grupos de apoio para poder distribuír o horario axeitadamente.
- Promover a formación do profesorado dende o comezo do curso, para poder levar a cabo o aprendido nas aulas.
- Compensar as actividades complementarias que se propoñan entre niveis, para que todos/as fagamos aproximadamente as mesmas.



- Mellorar a coordinación entre os coordinadores dos diferentes equipos do centro, para que non se solapen actividades.
- Favorecer máis reunións no nivel para unha mellor coordinación do profesorado.
- Amañar as goteiras do pavillón.
- Amañar o bloque de 2º, 3º e especialistas debido ao seu grave deterioro (fiestras, pintura, illamento...).
- Retirar do patio as portarías de campo de fútbol pequeno.
- Cubrir a falta de profesorado (por enfermidade, excursión...) nos distintos puntos de vixilancia do patio.
- Amañar reixas do desaugadoiro do patio, xa que están a distintas alturas e é perigoso para o alumnado e adultos.
- Revisar o chan do punto 8 para eliminar "dobres" alturas e evitar e tropezos.
- Dotar o patio de xogos e xoguetes para os nenos e nenas e "metidos" de zona verde con mesas de exterior e cadeiras ou bancos.
- Mellorar o areeiro, dotándoo de area.
- Sinalizar dunha maneira axeitada e dotar de mobiliario e xogos apropiados o Patio Tranquilo.
- Cambiar o gancho da porta do pavillón por outro sistema de suxeición.

4º Nivel de educación primaria

Programación xeral do curso.

Estivo en todo momento conforme ós obxectivos xerais do nivel e da etapa e ó recollido no Proxecto Curricular de Centro, tal e como xa se especificou na PXA.

Ao longo do primeiro trimestre levouse a cabo a elaboración de todas as programacións didácticas no programa PROENS de acordo co establecido na LOMLOE. Estas programacións fóronse desenvolvendo ó longo de todo o curso atendendo ás características e necesidades específicas de cada grupo clase.

Resultados académicos do alumnado. Datos estimativos á espera da celebración da xunta de avaliación.

	4ºA	4ºB	4ºC	4ºD	4ºE	4ºF
Non promocionan	0	0	1	0	1	0
Promociona con algunha suspensa	4	1	2	4	1	1
Promociona por imperativo legal	1	2	0	1	0	0
Promociona con todo aprobado	16	19	19	19	17	22

	4ºA	4ºB	4ºC	4ºD	4ºE	4ºF
Alumnado con NEAE	1	5	3	5	4*	4
Alumnado con apoio PT	1	2	2	2	1	2
Alumnado con apoio AL	1	0	1	1	1	1



Outros (PROA...)	0	0	0	0	0	0
Apoio titora especialidades	1				1	

*Os 3 alumnos/as con NEAE reciben apoio da titora en aula, realizando as modificación pertinentes na metodoloxía de aula, probas escritas, actividades,...

**Todas as aulas, agás 4º E, reciben 1 ou 2 sesións de apoio de profesorado do nivel.

Comunicación coas familias

Cada titor/a fixo unha reunión xeral coas familias e todas aquelas individuais que considerou necesarias e as que demandaron.

Estas reunións foron, na súa meirande parte, de maneira presencial. Tamén houbo comunicación telefónica, por ABALAR e por mail coas familias.

Coordinación dentro do nivel.

Mensualmente o equipo de nivel reuniuse de forma formal e, ó longo do curso, houbo diversas xuntanzas dos titores para coordinarnos no traballo de aula e no desenvolvemento da programación. Creamos entre os titores un espazo virtual e un espazo físico onde fomos compartindo materiais.

A coordinación co resto de niveis e cos equipos do centro levouse a cabo a través dos representantes do nivel nos distintos equipos do centro.

Formación do profesorado

O profesorado do nivel participou nalgúns das liñas do Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP).

Cursos de Formación: Iniciación á metodoloxía Maker , Polos creativos, Biblioteca, Atención á Diversidade, Matemáticas manipulativas, curso de matemáticas OAOA.

Propostas de mellora.

- Promover a colaboración interniveis, xa que moitos contidos se traballan ao longo de toda a escolaridade.
- Crear un banco de recursos virtuais, onde poder compartir material de elaboración propia, do que atopamos nas redes,...
- Crear un rexistro virtual dos diferentes materiais que hai no centro.
- Continuar na reclamación de máis persoal de apoio para o centro.
- Repensar as sesións de avaliación, para saír da reunión con propostas para reforzar aqueles aspectos que se consideren necesarios.
- Modificar os horarios tantas veces sexa necesario para atender as novas necesidades que van xurdindo ao longo do curso.
- Promover formación no centro relacionada coa convivencia, o acoso escolar,...xa que, dende que temos un punto laranxa no centro parece que é necesario que haxa unha formación que acompañe a esta proposta.



-Informar con maior antelación das actividades complementarias para poder organizar mellor. Ademais, sería interesante enviar un documento coa organización para que chegue a todo o profesorado a tempo.

- Comezar cos apoios educativos en setembro.

8.1.3_ Terceiro ciclo

5º Nivel de educación primaria

Programación xeral do curso.

Todo o equipo de nivel levamos a cabo o previsto na PXA, colaborando na consecución dos obxectivos xerais de centro e participando en todas cantas medidas de xestión e administración nos requirían. Cada membro, representante dun departamento ou equipo, comunicou e xestionou as actuacións necesarias para a mellor efectividade posible.

Dentro de cada aula, levamos a cabo os plans e proxectos que, como profesorado especialista e titores/as, acordamos a principio de curso, para desenvolver a programación didáctica do 5º nivel co maior aproveitamento de recursos dispoñibles.

Entendemos que o desenvolvemento da programación didáctica foi acorde cos obxectivos básicos e cos estándares marcados, acadando uns resultados finais notablemente satisfactorios. Desenvolvéronse os contidos específicos de cada trimestre e acadáronse os resultados nas competencias clave de forma satisfactoria.

Resultados académicos do alumnado.

Rematada a avaliación, o cen por cento do alumnado matriculado neste nivel obtivo a promoción. A partir dos proxectos seleccionados deseñáronse tarefas por competencias, que implicaban varias materias e permitiron obter maior estimulación e unha participación activa do alumnado.

1. Fixemos fincapé na competencia lingüística, levando a cabo actividades de fomento da lectura, mellora na comprensión e expresión e alfabetización, ademais do resto de competencias, a dixital mellorou moio ao longo deste curso co plan de Edixgal.
2. Dentro do desenvolvemento da competencia lingüística, especialmente en lingua galega, durante este curso destacou a participación no programa 21 días en Galego, que dinamizou a meirande parte do segundo trimestre.
1. Participamos en diversas formacións centradas na mellora das competencias dixitais do noso alumnado e tamén do profesorado. Posteriormente, aproveitando a participación no PDI e a creación da Feira Científica articulamos proxectos centrados no uso escolar de ferramentas como MICRO:BIT



ou EARL2, entre outras. O obxectivo era compartir despois os nosos resultados co resto da comunidade educativa. Estes materiais foron proporcionados polo programa POLOS CREATIVOS da Xunta de Galicia.

Atención á diversidade e metodoloxía.

Contamos coa colaboración do DO, con apoios de PT, AL e PROA para atender ás necesidades máis importantes e levamos a cabo actividades e tarefas que permitiron a participación activa e a atención das distintas particularidades.

Finalizar dicindo que a convivencia entre o alumnado foi boa. A cooperación e convivencia entre o profesorado do equipo foi plenamente satisfactoria.

6º Nivel de educación primaria

Programación xeral do curso.

Todo o equipo de nivel levamos a cabo o previsto na PXA, colaborando na consecución dos obxectivos xerais de centro e participando en todas cantas medidas de xestión e administración nos requirían. Cada membro, representante dun departamento ou equipo, comunicou e xestionou as actuacións necesarias para a mellor efectividade posible.

Dentro de cada aula, levamos a cabo os plans e proxectos que, como profesorado especialista e titores/as, acordamos a principio de curso, para desenvolver a programación didáctica do 6º nivel co maior aproveitamento de recursos dispoñibles (Voz Natura, Educación Responsable, plans de biblioteca, Edixgal, robótica, Plans proxecta enfocados ao deporte e a alimentación saudable,...)

Entendemos que o desenvolvemento da programación didáctica foi acorde cos obxectivos básicos e cos estándares marcados, acadando uns resultados finais satisfactorios. Desenvolvéronse os contidos específicos de cada trimestre e acadáronse os resultados nas competencias clave de forma satisfactoria.

Resultados académicos do alumnado.

Rematada a avaliación, non todo o alumnado matriculado neste nivel obtivo a promoción, 2 repiten, e 5 promocionan por imperativo legal.

Atención á diversidade e metodoloxía.



Contamos coa colaboración do DO, con apoios de PT, AL e PROA para atender ás necesidades máis importantes e levamos a cabo actividades e tarefas que permitiron a participación activa e a atención das distintas particularidades:

A partir dos proxectos seleccionados (PDI, Aliméntate ben, ...) deseñáronse tarefas por competencias, que implicaban varias materias e permitiron obter maior estimulación e unha participación activa do alumnado.

Fixemos fincapé na competencia lingüística, en vista do baixo nivel ortográfico e do dominio da expresión oral, levando a cabo actividades de fomento da lectura, mellora na comprensión e expresión... Por outra banda, fomentamos as exposicións orais e as representacións para o mellor desenvolvemento de todas as capacidades relacionadas.

Ademais do resto de competencias, a dixital mellorou moio ao longo dos dous últimos cursos cos plans de Edixgal e Robótica.

Finalizar dicindo que a convivencia entre o alumnado foi moi boa. A coordinación foi imprescindible para levar a cabo un traballo operativo a todos os niveis.

8.2_ ESPECIALIDADES

8.2.1_Lingua estranxeira: inglés

Obxectivos

Os obxectivos marcados na PXA para o proceso da aprendizaxe da lingua estranxeira foron acadados maioritariamente pola totalidade do alumnado permitíndolles chegar aos mínimos esixibles en cada un dos niveis. A porcentaxe de alumnado que non chega a acadar cualificacións positivas representa arredor dun 5% do total do alumnado, observando que a porcentaxe medra progresivamente co incremento dos cursos. Podemos concluír que isto pode deberse ao aumento de dificultade, á perda de interese ou á falta de esforzo e motivación.

Contidos e metodoloxía

No nivel de Educación Infantil traballouse sen libros, utilizando recursos dixitais, material creado polo propio mestre, contos, xogos, cancións,...

En primeiro de Educación Primaria, utilizamos o libro Kids Can! 1 da editorial Macmillan, só o libro do alumno. En segundo utilizouse o manual Kids Can! 2 da mesma editorial, pero neste nivel o libro do alumno e o libro de actividades.



A metodoloxía utilizada nos cursos de primeiro e segundo de Primaria foi baseada no uso combinado do libro de texto e fichas con xogos, vídeos, chants, rhymes, etc., cos que se asimilaron ordes directas e rutinas básicas, traballando así a comunicación oral e escrita. Nesta etapa asimiláronse as estruturas básicas diarias que se utilizarán durante toda a etapa de Educación Primaria como pedir permiso para ir ao baño, abrir ou pechar as portas e fiestras, saúdos, pedir perdón, presentarse, etc.

En terceiro de Educación Primaria utilizouse o manual da mesma serie Kids Can! 3 da editorial Macmillan, tanto o Pupil's book como o Activity. O mestre subía os recursos multimedia do manual empregado na Aula Virtual.

En cuarto nivel utilizouse o Activity book da serie Kid Can! 4, e o Pupil's book en concepto de préstamo, tamén un caderno do alumno para as actividades escritas e fichas proporcionadas pola mestra. Os alumnos reflectiron a través de murais moitos dos centros de interese sobre os que se traballou en cada unidade: a cidade, os hobbies e o ocio, o medio ambiente, os deportes, a música,... E procurouse fomentar a lectura en lingua inglesa con libros adaptados ao seu nivel tipo dicionarios de imaxes, pequenas narracións, contos,...que se usaban tanto nos momentos de lectura individual como colectiva. E subiuse á Aula Virtual todo material audiovisual complementario de cada tema; vocabularios, historietas, cancións,...

En 5º e 6º utilizamos a plataforma E-Dixgal para a lingua inglesa. A pesar de que varias editoriais presentan o seu material, as profesoras optaron por programar as actividades semanalmente elaborando así elas mesmas a propia materia de acordo co currículo deses niveis e adaptando os contidos e actividades as necesidades educativas presentadas nos grupos de clase. Este traballo xustifícase así porque ningunha das ofertas presentadas polas editoriais presentes en E-Dixgal adáptanse totalmente aos gustos e necesidades das mestras destes dous niveis.

Fíxose un uso moi continuo de páxinas web de exercicios online para escribir e tamén escoitar, actividade esta última que se fai de forma grupal e tamén de forma individual con auriculares. Teñen unha gran aceptación as actividades que fomentan a aprendizaxe gramatical ou de vocabulario en formato xogo que fomentan a competitividade entre iguais e aquelas nas que poden participar en grupo. Ao longo do curso tamén fixeron traballos sobre os centros de interese tratados en formato dixital: power point, impress,... e por último destacar o gran interese mostrado por actividades de gravación que pensamos fomentan o proceso de mellora e auto corrección da lingua oral.

O traballo escrito realizouse nos cadernos individuais de cada alumno e alumna

O alumnado de sexto compartiu correspondencia co alumnado do mesmo nivel do CEIP Ponte de Xubia, de Narón.

Todos os libros de texto usados en tódolos niveis contan con formatos dixitais que son usados de forma paralela e complementaria á versión en papel.



Actividades complementarias e de reforzo.

Ao longo do curso, coincidindo coas celebracións establecidas no calendario escolar, os alumnos participaron nas seguintes tarefas: Celebración do *Halloween*, Christmas, Carnival, Easter time, día da discapacidade e día da muller traballadora amosando a través da lingua, con cancións, ditos e feitos, como se viven estes eventos na cultura inglesa.

Con respecto ás actividades de reforzo para o alumnado de NEE ou con Adaptacións Curriculares, dicir que é o propio especialista de inglés quen elabora e aplica as medidas de reforzo necesarias sen contar con outros compañeiros especialistas para cada necesidade concreta, polo que hai que salientar que o noso traballo de reforzo, a pesar de poñer moito interese e vontade nel sentímonos incapaces de afrontalo coa profesionalidade requirida debido á nosa carga horaria e a ter que atender á par ao grupo clase. En cursos anteriores os especialistas de inglés facíamos apoios entre nós nalgúns sesións que nos permitía o noso horario. Este curso, debido á carga horaria, non foi posible.

Seccións bilingües e auxiliar de conversa

Durante este curso, a pesar de estar nomeada unha persoa para realizar o traballo de auxiliar de conversa, non se incorporou ao centro porque houbo que suprimir as seccións bilingües de Educación Plástica en sexto por carecer de horario dispoñible do profesorado especialista e habilitado.

Material

O departamento de Inglés, ano tras ano, realiza a compra do material necesario segundo as necesidades que se presenten. Este curso adquiríronse algúns libros de lectura a través dos fondos da biblioteca co colexio. Estimamos necesario renovar moitos destes libros de lectura porque, polo uso e mesmo pola encadernación e deseño quedaron obsoletos. Nos niveis de quinto e sextos, ao poder acceder de forma dixital a páxinas libres e de bibliotecas amplíase a oferta de lectura engadindo que moitos deste libros inclúen a versión oral co que alumnado pode exercitar o pracer de ler ca práctica da comprensión oral.

En canto ao material informático das aulas; pantallas, ordenadores,... desde o departamento facemos o rogo que sempre estean acendidos e funcione correctamente porque na maioría das nosas sesións necesitamos ese apoio visual e auditivo.

Espazos e aulas

Durante este curso o alumnado de primeiro recibiu clase de inglés nas súas aulas. Os de segundo tiveron clases na aula de inglés habilitada na planta baixa do bloque B.. O rapaces e rapazas de terceiro utilizaron a aula de inglés do corredor dese nivel. En cuarto, todos os grupos acudían á aula de inglés do corredor dese nivel. En quinto nivel alumnado utilizou a aula de Inglés situada no seu corredor así como os grupos B e C de sexto nivel. Os tres grupos restantes dese nivel impartiron a materia de Inglés nas súas aulas.



Para o curso 25/26 solicitamos manter as aula de Inglés que usamos este curso.

Propostas de mellora

Pedimos tamén que un dos postos de traballo provisional de Educación Infantil sexa unha vacante compartida coas dúas especialidades: educación infantil e idioma estranxeiro inglés como sucedeu en varios cursos académicos anteriores a este último.

8.2.2_ Educación física

Aspectos xerais traballados en cada nivel

Primeiro nivel: desenvolvemento das habilidades perceptivo-motrices básicas a través de tarefas motrices habituais, variadas e múltiples, sempre en situacións de xogo.

Segundo nivel: desenvolvemento das habilidades perceptivo-motrices básicas a través de tarefas motrices habituais, variadas e múltiples, sempre en situacións de xogo.

Terceiro nivel: continuación do desenvolvemento das habilidades básicas e introdución dunha preparación xenérica predeportiva fomentando o traballo en equipo.

Cuarto nivel: continuación do desenvolvemento das habilidades básicas e introdución dunha preparación xenérica predeportiva fomentando o traballo en equipo.

Quinto nivel: adquisición de habilidades motrices específicas, desenvolvemento das capacidades físicas e preparación predeportiva.

Sexto nivel: adquisición de habilidades motrices específicas, desenvolvemento das capacidades físicas e preparación predeportiva.

Na iniciación predeportiva, intentamos presentar deportes pouco practicados polos alumnos de forma habitual (balonmán, bádminton, béisbol, voleibol, hóckey, rugby) e potenciar o uso de materiais alternativos como pneumáticos, paracaídas, indiacas, zancos, discos voadores, etc.

Este curso un dos mestres de Educación Física continúa coa secretaría e unha das mestras é tamén titora de Educación Primaria.

Ademais das actividades propias da materia de Educación Física temos que subliñar a realización dalgunhas actividades complementarias ao longo do curso:

- Celebración de xogos populares no **Magosto** en primeiro ciclo.



- Celebración da semana de **"Educación Viaria"**, onde o alumnado trouxo patines, patinetes, etc. e aprenderon as normas de circulación, ademais de mellorar a súa práctica.
- Participación por 11º ano consecutivo no programa **"Tenis na Escola"**.
- Participación cun stand de "experimentos deportivos" na Feira Científica do centro.
- Semana de xogos populares na **semana das letras galegas**, tódolos niveis.
- Participación no programa **XOGADE** en varias modalidades: Campo a través, fase comarcal e provincial.
- Actividades con clubes: Realización de sesións teóricas co clube de Waterpolo Coruña, con sesións fóra do horario lectivo na piscina municipal e tamén sesións teórico-prácticas co club Hockey Cambre.
- Organización de xogos deportivos nos **recreos** en diferentes zonas do patio, con préstamo de material como balóns, cordas, etc.
- Semana de **"Iniciación á Escalada"**, co noso **"rocódromo"** e o **"slackline"**, instalado no patio cuberto, que aumentou as posibilidades lúdicas nos recreos.
- Semana de **"Iniciación á Orientación"**, coa busca de balizas por todo o centro e aprendendo a orientarnos no mapa.
- **"Torneo mestres/as contra alumnado 6º Primaria"**, unha xornada lúdica e moi divertida para despedir aos nosos alumnos/as que marchan para o instituto.

Principais dificultades atopadas e suxestións para o vindeiro curso

Como aspectos que incidiron negativamente no normal desenvolvemento das actividades propias da Educación Física debemos destacar:

Aulas excesivamente numerosas con rateos moi altos (20-26 alumnos por aula, nalgúns casos). Isto condiciona o traballo diario do grupo; favorece a dispersión, a desatención e a aparición de condutas negativas; dificulta a creación dun clima de aprendizaxe tranquilo, sereno e sosegado e obriga ao profesorado a adoptar actitudes máis dirixistas e autoritarias para manter o control da dinámica do grupo. Coma nos últimos anos compartimos a aula de psicomotricidade no edificio de primeiro coas mestres de música, espazo insuficiente para facer unha clase con normalidade.

Necesidade de continuar coa axuda de profesorado de apoio para atender durante as sesións de Ed. Física ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, especialmente naqueles casos máis graves que precisen dun ambiente moi estruturado de traballo e dunha axuda continua para facilitar a plena incorporación deste alumnado na dinámica do grupo. Este ano faltaron apoios nalgunhas horas concretas e o alumnado con NEE non puido ser atendido da forma máis axeitada posible.



Deterioro do pavillón polideportivo e as bancadas anexas. Continuamos con filtracións de auga (a pesar do arranxo do tellado), mal estado das portas, o pavimento atópase deteriorado, así como as bancadas; enreixados laterais metálicos de ventilación rotos que poden causar accidentes, cristais rotos, etc. Resulta evidente que o uso tan intensivo que se fai desta instalación, non só polo alumnado do centro senón tamén por outros colectivos e clubs, xera un certo deterioro que demanda un servizo de mantemento que permita aproveitar o uso do mesmo nas mellores condicións posibles.

Sería convinte ter algunha **hora de coordinación do equipo de Educación Física** ao longo da semana, para poder organizar as actividades conxuntas do departamento.

8.2.3_Educación musical

Ana M^a Villanueva Santos: 3^o, 4^o, 5^o e 6^o de Ed. Primaria. Un total de 21 grupos con máis de 450 alumnos e alumnas.

Cristina Sánchez Veiga: 1^o e 2^o Ed. Primaria. Especialista en Ed. Musical con 10 horas de música completando o horario coa titoría de 2^oD e a coordinación de EDLG.

OBXECTIVOS:

Durante o presente curso académico impartíronse as sesións de música de 1^o- 2^o- 3^o na aula do edificio B e as de 4^o- 6^o na aula de música do edificio A.

Os obxectivos marcados nas programacións didácticas, enmarcadas no desenvolvemento do PDI "Un mundo cheo de ciencia" foron acadados satisfactoriamente.

Acadáronse os obxectivos musicais e dancísticos propostos na programación a nivel xeral con algunha excepción.

En canto ás ACI elaboradas para o alumnado que así o precisa foron superadas.

Como obxectivos principais aprender a gozar coa música, ritmo, percusión corporal, con obxectos cotiás, cantigas do noso folclore e das diferentes culturas, melodías propios das contos de cada nivel, xogos musicais, concertos...

Traballamos a linguaxe musical de xeito ameno e coñecemos a varias compositoras e compositores clásicos, contemporáneos, ao igual que do propio folclore. Tamén afondamos no coñecemento dos diferentes instrumentos da orquestra. Este curso dedicamos gran parte do tempo á interpretación musical cos instrumentos e ao baile.



Recibimos apoio en diferentes aulas por parte dos titores ou coidadoras.

Como actividades complementarias puidemos gozar das mostras do traballo que realizan diferentes entidades culturais e musicais da contorna a cargo da EMUF de Betanzos, da Escola de Folclore de Coirós e da agrupación de cantareiras de Paderne.

Solicitamos os concertos didácticos da Orquestra Sinfónica de Galicia para todo o colexio e concedéronnoslos todos agás os do 1º ciclo. Así asistimos con 3º- 6º aos concertos "Pangea" no Palacio da Ópera. Ed Infantil tamén asistiu ao seu concerto na sala de Cámara do Palacio da Ópera.

Apuntámonos ao proxecto de Banda Municipal de Música da Coruña, de facer un concerto colaborativo co maior número de alumnado posible. Así o alumnado de 1º,2º asistiu ao centro Ágora a un magnífico concerto no que participamos todos dun xeito ou doutro. Foi unha experiencia inesquecible.

En canto ás celebracións, colaboramos en todas elas coa parte musical e de danza, xunto co departamento de Educación Física e resto de equipos de centro.

Actividades PDI:

Do mesmo xeito, dende a materia de música, participamos no Proxecto Documental "Un mundo cheo de ciencia" e na feira científica achegando distintas actividades: investigación sobre sons con auga, elaboración dunha gaita con palliñas e elaboración de melodías cunha caixiña musical de polos creativos.

Propostas de mellora

Seguimos sen ter un salón de actos axeitado, cómodo, práctico onde poder realizar actividades para gran grupo, concertos, obras teatrais, recitais, charlas... Agora mesmo a invasión do comedor é tal que se fai moi complicado a organización de calquera actividade deste tipo. Toda a sala de usos múltiples está chea de mesas e cadeiras que hai que mover inevitablemente para poder acceder ao escenario, co esforzo físico e a perda de tempo que iso supón e que despois hai que deixar como estaba. A partir da 5ª sesión xa non podemos realizar alí ningunha actividade xa que se precisa este tempo para a montaxe do comedor. É unha mágoa que non poñamos solución a este tema, xa que deixamos de facer moitas actividades moi enriquecedoras para o alumnado por mor de todos os inconvenientes que supón. O Vales ben merece un salón de actos en condicións. Todo isto sen renunciar claro, a dúas clases de música axeitadas para impartir a área de Música e Danza.

8.2.5_Relixión católica



En Educación Primaria, en primeiro e segundo traballamos os contidos facendo uso dos libros de texto e nos cursos de terceiro, cuarto, quinto e sexto utilizamos material didáctico adecuado a cada nivel e outras actividades relacionadas cos temas a tratar.

En tódolos cursos traballamos coa Biblia, facendo referencia a ela, pero é a partir de cuarto nivel cando aprenden a manexala por eles mesmos, sendo un recurso moi utilizado en tódolos demais cursos.

En Educación Primaria traballamos e seguimos os obxectivos indicados en cada nivel, e utilizáronse medios audiovisuais e outros recursos para ampliar e reforzar cada un dos temas.

En primeiro e segundo viron as parábolas de Valivan, 3º curso curtametraxes sobre as parábolas de Xesús, en 4º curso "Joseph, el rey de los sueños", y "La navidad de Ángela" en 5º a película de "Moisés, el príncipe de Egipto" e en 6º "Little Boy"

O longo de todo o curso participouse nas actividades levadas a cabo no colexio con motivo da paz, traballamos no Nadal ambientando o colexio con motivo destas datas.

Como conclusión, dicir que o resultado deste curso 2024-25, foi positivo e polo tanto acadáronse todos os obxectivos marcados na programación.

9_ EQUIPOS E DEPARTAMENTOS

9.1_ Departamento de Orientación

Grao de consecución dos obxectivos propostos e valoración das actividades desenvolvidas

Ao longo do presente curso escolar, o Departamento de Orientación (DO) do CEIP Francisco Vales Villamarín desenvolveu a súa actividade coa finalidade de contribuír ao desenvolvemento integral do alumnado, detectar dificultades no proceso de ensino-aprendizaxe e ofrecer asesoramento psicopedagóxico tanto a familias como ao profesorado, coa intención de mellorar a calidade da resposta educativa.

Os obxectivos marcados polo DO foron abordados de forma integrada no proxecto de centro "Un mundo cheo de ciencia", que permitiu traballar contidos curriculares de maneira interdisciplinar e fomentar metodoloxías activas dirixidas á adquisición das competencias clave. Este proxecto continúa o camiño iniciado en cursos anteriores cara á formación de alumnado con pensamento crítico, creativo, empático e solidario.

En relación co Plan de Acción Titorial e o Plan de Acollida, o DO participou activamente na planificación e dinamización de actividades de benvida para o alumnado de nova incorporación (4º EI, 1º EP e alumnado incorporado ao longo do curso), así como no acompañamento a titorías en cuestións relacionadas coa convivencia e o desenvolvemento emocional do alumnado.



Dentro do proceso de renovación pedagóxica do centro, o DO colaborou activamente na formación docente a través da participación no PFPP "Contamos con tod@s", centrado na atención ao alumnado NEAE, e no Programa de Educación Responsable. Así mesmo, promoveu a sensibilización sobre a diversidade mediante accións conmemorativas (3 de decembro – Día das Persoas con Discapacidade) e actividades formativas co profesorado (Seminario sobre TDAH, Dislexia e TEA). No eido da convivencia escolar, realizáronse intervencións específicas en resolución de conflitos e apoio directo en aulas con necesidades específicas. Tamén se impulsou o uso eficiente dos recursos do centro para garantir unha mellor atención á diversidade.

Datos de atención á diversidade e intervención psicopedagóxica:

Atención á diversidade	EI	EP	TOTAL
Número de alumnos con ANEAE no centro	31	137	168
Número de alumnos con apoio de Pedagogía Terapéutica (PT)	24	56	80
Número de alumnos con apoio de Audición e Linguaxe (AL)	17	37	54
Número de aulas que contan coa colaboración doutro profesor con dispoñibilidade horaria	11	6	17
Número de ANEAE con apoio de profesorado non especialista en PT/AL (nas especialidades)	0	2	2
Número de alumnos/as obxecto de avaliación psicopedagóxica	35	43	78
Número de alumnos/as obxecto de avaliación para seguimento informe psicopedagóxico	11	32	43
Número de alumnos/as obxecto de informe sinxelo de avaliación DO	5	15	20
Número de alumnos/as obxecto de Ditame de Escolarización	3	11	14
Número de alumnos/as obxecto de valoración para Servizos Sanitarios	25	14	39
Número de alumnos/as con AC	3	20	23
Número de solicitudes ao Equipo de Orientación Específico	5	5	10
Número de alumnos/as que non promocionaron ao curso seguinte	0	11	11
Número de alumnos/as que flexibilizaron a súa escolarización por sobredotación	0	0	0
Número de alumnos/as que prolongaron a escolarización en EI	4	0	4
Número de alumnos/as que prolongaron a escolarización ao remate de EP	0	1	1
Número de alumnos/as para os que se solicitou flexibilización para o vindeiro curso	4	0	4
Número de alumnos/as que participaron en grupos de reforzo educativo	0	0	0
Número de alumnos/as de nova incorporación que participaron en grupo de reforzo	0	0	0



con profesorado con dispoñibilidade horaria			
Número de alumnado con seguimento por SS do Concello de Betanzos, Coirós Paderne	3	26	29
Número de alumnado con derivación a Servizos Sociais	0	4	4
Número de alumnado que precisaron de atención das coidadoras	14	12	26

Os profesionais de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe elaboraron plans individualizados co seu correspondente seguimento, atención directa ao alumnado, preparación de materiais adaptados e coordinación coas titorías e familias.

Cómpre destacar a implicación e colaboración dos especialistas, así como a coordinación mantida coas titorías a través das reunións de nivel, malia as dificultades para establecer encontros periódicos por realizarse na maioría das ocasións, fóra do horario lectivo.

Propostas de mellora para o vindeiro curso

De cara á planificación do curso próximo, considérase prioritario:

- Fomentar programas de educación emocional, habilidades sociais, titoría entre iguais e mediación escolar, co obxectivo de mellorar a convivencia.
- Potenciar o uso de metodoloxías inclusivas, como proxectos interdisciplinares, aprendizaxe cooperativa ou enriquecemento curricular.
- Promover a formación da comunidade educativa en atención á diversidade, dinamizada polo propio DO.
- Iniciar formación en disciplina positiva.
- Promover e favorecer as Coordinacións Departamento- Titores, asemade, as coordinacións, entre o Departamento-Titorías-Gabinets.
- Levar a cabo unha reflexión compartida co claustro para identificar causas das dificultades de aprendizaxe e establecer medidas preventivas.
- Reforzar os recursos humanos do DO, especialmente nas especialidades de PT e AL, dada a elevada presenza de alumnado con NEAE.

Consideracións finais

Ao longo do presente curso, a labor do Departamento de Orientación estivo condicionada por unha significativa diminución do número de profesorado especialista destinado á atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE). Esta limitación, unida á incorporación continua de novo alumnado ao longo do ano académico, pon de manifesto a necesidade urxente de revisar e incrementar os



recursos específicos dispoñibles, tanto humanos como materiais, co fin de garantir unha atención educativa de calidade.

A pesar destas dificultades, a colaboración e implicación do equipo de orientación e dos profesionais especialistas permitiu acadar os obxectivos propostos e ofrecer unha resposta axeitada ao alumnado. Non obstante, de cara ao vindeiro curso, resulta imprescindible ampliar o número de mestres especialistas en Pedagogía Terapéutica (PT) e Audición e Linguaxe (AL), para dar resposta ás necesidades crecentes que presenta o noso contexto educativo.

Cómpre destacar tamén o impacto negativo que ten a redución do horario dedicado aos reforzos e apoios dentro das aulas, especialmente no caso do profesorado non especialista en PT e AL. Esta situación, derivada da asignación de dúas horas de libre disposición ao profesorado sen unha compensación equivalente en recursos humanos, deixa a un centro con alta porcentaxe de alumnado NEAE sen un recurso fundamental para o tratamento da diversidade.

O Departamento de Orientación mantén o seu compromiso coa atención integral ao alumnado, prestando especial atención aos que presentan maiores dificultades. Por iso, consideramos esencial que as nosas demandas sexan atendidas, a fin de poder ofrecer unha resposta educativa adecuada á realidade actual do noso centro.

a) Memoria final PT

A memoria que a continuación se redacta é elaborada polas especialistas de Pedagogía Terapéutica que exercen as súas funcións na etapa de Educación Infantil e na Etapa de Educación Primaria no CEIP Fco. Vales Villamarín de Betanzos: José María Caamiña Villanueva (PT PROA), Gloria Matilde Curros García (en substitución de Carolina Rouco Vázquez), Esther M^a Manivesa Blanco, Jéssica Sánchez Sánchez, Silvia M^a Fernández Castrillón e Bárbara Liseth García Guzmán (atención preferente), seguindo as directrices ofrecidas na ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ALUMNADO CON APOIO DE P.T.

No presente curso académico, un total de 24 alumnos/as de Educación Infantil e 56 alumnos/as de Educación Primaria beneficiáronse do apoio de PT, distribuíndose por nivel como se pode observar na seguinte táboa:

NIVEL	ALUMNADO	SESIÓNS
-------	----------	---------

4º EI	8	16 sesións semanais de 25 min.
-------	---	--------------------------------



5º EI	4	8 sesións semanais de 25 min.
6º EI	12	37 sesións semanais de 25 min.
1º EP	7	17 sesións semanais
2º EP	12	19 sesións semanais
3º EP	11	14 sesións semanais
4º EP	10	18 sesións semanais
5º EP	9	12 sesións semanais
6º EP	7	8 sesións semanais

COORDINACIÓN CO PROFESORADO

En relación á coordinación co profesorado titor e outro profesorado especialista, é menor da desexada por falta de tempo, limitándose en xeral ás sesións de avaliación, onde o tempo para falar do alumnado en ocasións queda escaso. Ao inicio de curso organizáronse reunións de coordinación moi produtivas cos titores dos alumnos con NEE a pesar das dificultades para compaxinar os horarios e buscar ocos para facelas. En outros casos a coordinación prodúcese durante os cambios de sesión cun intercambio rápido de información.

En canto á nosa coordinación coas especialistas de Audición e Linguaxe, foi máis frecuente e produtiva, dada a proximidade das aulas.

A nivel de coordinación xeral do departamento de orientación, gustaríanos ter mais tempo para o intercambio de información e para o debate sobre distintos aspectos relacionados coa atención á diversidade no centro xa que so temos de xeito oficial unha hora ao mes (primeiro martes do mes). Esta falta de tempo para a coordinación é mais pronunciada coas especialistas do departamento de orientación de educación infantil, quizais por mor da distancia dun edificio ao outro.

En relación á coordinación cos servizos externos non foi igual en todos os casos dadas as dificultades para reunirse tanto dentro do horario lectivo coma fora. Houbo gabinetes e profesionais cos que tivemos mais contacto e coordinación, facendo esforzos polas dúas partes para atopar momentos de encontro e cos que chegamos a ter unha reunión ao trimestre o que redundou nunha evolución mais positiva dos alumnos.

Por último, falando de coordinación coas familias, tamén foi moi desigual dependendo da implicación da familia. Nalgúns casos producíronse reunións mais frecuentes tanto por petición da propia familia coma por



petición do centro. Incluso algunha reunión conxunta docentes-familia-gabinete. Noutros casos as reunións prodúcense só si se solicita dende o centro facendo igualmente esforzos por atopar momentos de encontro e adaptándonos moitas veces aos horarios das familias.

REPERCUSIÓN DAS MEDIDAS DE APOIO NO ALUMNADO

O apoio que recibe o alumnado podemos cualificalo como moi positivo, pois o rendemento mellora notablemente cando traballamos especificamente con eles/as. Pero é certo que en moitas ocasións as horas de apoio son escasas de acordo coas necesidades que manifesta o alumnado, polo que hai casos que quedaron sen atender ou con horas insuficientes, por falta de tempo e, consecuentemente, de recursos que este curso a pesar de ter máis alumnado con NEE, contamos con menos especialistas en PT que o curso pasado.

Ademais, hai ocasións en que os apoios non son produtivos porque dado o elevado número de alumnado atendido, realízanse agrupamentos numerosos e pouco eficaces, non tendo en conta as necesidades deses agrupamentos. No caso de Educación Infantil, ao levarse a cabo medias sesións, en ocasións as sesións resultan escasas.

Dende un punto de vista inclusivo sabemos que o desexable son os apoios dentro da aula ordinaria pero baixo a nosa experiencia non sempre son a mellor opción para aproveitar as sesións e conseguir mellores resultados. Determinadas dinámicas de aula non favorecen o clima máis óptimo para a mellora do noso alumnado.

En Educación Infantil, os horarios sufriron continuas modificacións ao longo de todo o curso por mor da incorporación de novo alumnado con NEE, deixando de atender ao numeroso alumnado con diferentes necesidades que se atopan nesta etapa. Estes cambios tamén se deron debido aos novos horarios de Atención Temperá, que xunto cos escasos recursos persoais, obrigan a reorganizar todos os horarios.

PREVISIÓN PARA O CURSO SEGUINTE E PROPOSTAS DE MELLORA.

De cara ao vindeiro curso formulamos unha serie de propostas de mellora, para poder seguir avanzando cara a unha educación inclusiva e de calidade, como poden ser:

- Aumentar o número de especialistas de PT para ofertar unha mellor educación (máis horas e en mellores condicións) ao alumnado que o precisa.
- Contar cunha hora semanal dedicada á coordinación entre o profesorado de apoio (PT, AL e orientadoras), na cal poder intercambiar información e compartir experiencias.



- Manter os espazos acondicionados nos dous edificios para a atención individualizada do alumnado incorporando novas aulas para tal fin, así coma espazos e recursos para o patio de cores e patio tranquilo.
- Aplicar os protocolos e medidas ordinarias de atención á diversidade por parte dos titores/as co fin de optimizar o proceso de aprendizaxe do alumnado e os recursos persoais.
- Dotar ao edificio de Educación Infantil dun aula multisensorial e equipar as dúas aulas (a nova de EI e a que xa existe en EP) do material necesario.
- Ampliar os recursos materiais do DO, especificamente das aulas de apoio, sobre todo material lúdico-educativo.
- Manter/incrementar a colaboración co conxunto do profesorado para poder establecer unha intervención o máis coordinada posible.
- Manter/incrementar a coordinación coas institucións externas ao centro ás que acode o alumnado (EOE, gabinetes logopédicos, atención temperá, terapeutas ocupacionais, psicólogos/as...) para o intercambio de información e o establecemento dunhas liñas comúns de traballo.
- Manter/incrementar a coordinación coas familias do alumnado para o intercambio de información e o establecemento dunhas liñas comúns de traballo.
- Aumentar a formación específica (teoría da mente) para o Departamento de Orientación.
- Facer un estudo real sobre a accesibilidade cognitiva e física nos edificios do centro (sinalización das distintas estancias, aseo adaptado, eliminación de barreiras arquitectónicas...).

b) Memoria final AL

ALUMNADO QUE RECIBE APOIO NO SERVIZO DE AUDICIÓN E LINGUAXE

Ao longo do curso 2024/25 as tres mestras de Audición e Linguaxe e Audición e Linguaxe Atención Preferente prestaron atención educativa a un total de 54 alumnos. As intervencións leváronse a cabo dentro e fóra da aula, dependendo das necesidades do alumnado. Detállanse a continuación os alumnos que fixeron uso do servizo:

Número de alumnos

4ºEI 3

5ºEI 5



6ºEI 9

1º EP 8

2º EP 9

3º EP 5

4º EP 6

5º EP 4

6º EP 5

VALORACIÓN DA COORDINACIÓN CO PROFESORADO TITOR

A coordinación co profesorado produciuse satisfactoriamente tanto a nivel individual coma grupal, nas correspondentes reunións dos órganos de coordinación docente, e reunións de avaliación.

A esixente distribución da xornada lectiva diaria dificulta moito a frecuencia e a profundidade da necesaria coordinación cos titores e profesorado de PT.

VALORACIÓN DA REPERCUSIÓN DAS MEDIDAS DO APOIO NO ALUMNADO

A consecución dos diversos obxectivos propostos para os distintos alumnos é moi diversa. Pode realizarse unha revisión exhaustiva nos diferentes informes individualizados realizados. En xeral, pódese falar dunha evolución positiva en diversos graos na maioría dos alumnos.

Detectáronse unha serie de aspectos organizativos e materiais que influíron negativamente no proceso de ensino aprendizaxe. A redución este curso 2024/25 do número de mestres especialistas en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe obrigou a diminuír o número de alumnado atendido, o que implicou reducir o número de sesións semanais desexables e realizar algúns agrupamentos nos que se rexistrou unha alta heteroxeneidade nas características do alumnado. Deste xeito, déronse con frecuencia situacións nas que cada alumno realiza unha actividade distinta, ou ben nas que contamos con varios alumnos cun alto grao de dependencia no seguimento tanto de rutinas de aula e de autocoidado, como na realización de tarefas e aprendizaxes.

Ademais, en Educación Infantil foi necesario recorrer a medias sesións para atender ao maior número de alumnado posible.



Por outra banda, non se contou con espazo para atender simultaneamente a todos o apoios por parte dos especialistas, sendo necesario recorrer ao uso compartido e simultáneo das aulas de apoio ou a espazos distintos onde non se conta coas condicións físicas e recursos materiais axeitados.

PREVISIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA PARA O CURSO 2025/26

No curso 2025/26 está previsto que inicien en Educación Infantil e en Educación Primaria alumnos con NEE que incrementarán notablemente a actual demanda do servizo.

Ademais, resulta moi necesario poder incrementar o número de sesións actuais de varios alumnos, propoñer a realización de intervencións individualizadas de determinados alumnos con NEE e deseñar novos agrupamentos que permitan reducir a alta heteroxeneidade apuntada anteriormente.

A todo isto engádese a necesidade de realizar intervencións individualizadas ou en pequeno grupo sobre a linguaxe oral para as que non é posible contar con sesións no servizo de Audición e Linguaxe coa actual dotación do servizo.

Dende o punto de vista dos recursos físicos do centro empregados polo servizo de Audición e Linguaxe, está prevista unha obra de acondicionamento no centro que, de non rematarse no prazo previsto, pode interferir negativamente no uso dos espazos cos que se contan actualmente para os apoios fóra da aula ordinaria.

A fin de mellorar a actuación do servizo de Audición e Linguaxe, propóñense algunhas propostas de mellora:

- Valorar a necesidade de establecer tempos para a reflexión e debate conxunto acerca de como abordar a complexa situación da atención á diversidade no centro.
- Valorar a necesidade de aumentar o número de mestres no servizo de Audición e Linguaxe de Educación Infantil e Primaria.
- Valorar a necesidade de perseguir maiores índices de coordinación e colaboración co profesorado.
- Valorar a necesidade de reflexionar sobre as condicións de implementación dos diversos protocolos e medidas ordinarias co fin de optimizar o proceso de aprendizaxe do alumnado e os recursos persoais do servizo de Audición e Linguaxe. Por exemplo, equipos de traballo, seminarios, cooperación entre o DO e os titores na adaptación de materiais e probas escritas, banco de adaptacións, directrices CCP/DO
- Valorar a necesidade de lograr a sistematización das reunións do Departamento de Orientación cos mestres infantil e primaria, de tal maneira que o Servizo de Audición e Linguaxe poida coordinarse a nivel horizontal e vertical permitindo o fluxo de información e a participación na toma de decisións que afectan ao servizo.



- Valorar a posibilidade de contar co apoio de profesionais externos que complementen as intervencións dos servizos de PT e AL (terapia asistida con animais, asistencia expertos TEA, colaboración IES As Mariñas na elaboración de materiais).
- Valorar a necesidade de continuar coa renovación e actualización dos recursos tecnolóxicos.
- Valorar a posibilidade de crear un banco de recursos xestionado polo DO coa colaboración de expertos dos servizos externos que inclúise, entre outros, materiais estimulación e integración sensorial, tradutores dixitais, lectores, teléfonos/tablets que se poderían poñer a disposición do alumnado (con necesidades educativas asociadas a TEA, dislexia, dificultades de aprendizaxe, procedente do estranxeiro...) nas diversas aulas de EP
- Valorar a necesidade de contar con espazos no centro convenientemente acondicionados para a atención individualizada do alumnado. Establecer novas aulas de uso exclusivo para o apoio
- Valorar a necesidade de continuar mellorando a dotación das aulas multisensoriais.
- Valorar a urxencia de mellora da accesibilidade cognitiva coma a disposición de pictogramas e taboleiros de comunicación e accesibilidade física no centro coma aseos inclusivos, espazos de recreo (patio de cores, patio tranquilo).

9.2_ Biblioteca

A biblioteca escolar é un espazo que non só alberga libros, senón que se erixe como un verdadeiro laboratorio de aprendizaxe e é o corazón de recursos de toda a nosa comunidade educativa. A biblioteca do CEIP Francisco Vales Villamarín consolidouse ao longos dos últimos anos como un espazo esencial para o desenvolvemento integral do alumnado, actuando como motor de aprendizaxe, de convivencia e de fomento da lectura.

A biblioteca, como laboratorio de aprendizaxe, ofreceu múltiples oportunidades para que os estudantes participen en proxectos innovadores, actividades interactivas e programas de lectura que fomentan o desenvolvemento das súas competencias e habilidades. Grazas a unha selección coidadosa de recursos e materiais didácticos, logramos proporcionar un entorno inclusivo e motivador, onde cada neno e nena pode atopar o seu espazo para aprender ao seu propio ritmo e descubrir novas paixóns.

Ademais, a nosa biblioteca serviu como corazón de recursos, non só para o alumnado, senón tamén para o profesorado e as familias. A súa gran oferta de materiais, desde libros de texto e literatura infantil ata ferramentas tecnolóxicas e recursos multimedia, permitiu que todos os membros da comunidade educativa tivesen acceso a información e apoio educativo de calidade. A coordinación con outros departamentos e a organización de actividades conxuntas consolidaron a biblioteca como un punto de encontro esencial para o desenvolvemento académico e persoal de todos.



ESPAZOS

A Biblioteca de Leo e Mariña é un espazo vivo e dinámico que se estende por aproximadamente 200m², organizados en diferentes zonas deseñadas para satisfacer as diversas necesidades da nosa comunidade educativa.

Contamos con varias áreas específicas que permiten aos usuarios desfrutar dunha ampla gama de actividades e experiencias:

- **Espazo de lectura de infantil:** deseñado especificamente para os máis pequenos, este espazo acolledor e seguro está cheo de libros ilustrados e materiais didácticos que estimulan a imaxinación e a curiosidades dos máis pequenos.
- **Espazo de lectura de primaria:** un lugar cómodo e tranquilo onde os estudantes de primaria poden mergullarse na lectura de libros axeitados á súa idade e intereses. Este espazo está deseñado para fomentar o amor pola lectura desde unha idade temperá.
- **Recuncho Fedelleiro:** zona dedicada á experimentación e ao xogo, onde os nenos poden desenvolver habilidades prácticas e manuais a través de diversas actividades creativas e experimentais.

Ademais destes espazos específicos, a nosa biblioteca ofrece:

- **Espazos para a lectura informal:** áreas cómodas onde o alumnado pode relaxarse e ler por pracer, fomentando así unha relación positiva coa lectura.
- **Espazos de traballo individual e en grupos:** zonas versátiles que permiten tanto o estudo individual como o traballo colaborativo, promovendo a cooperación e o intercambio de ideas entre o alumnado.
- **Espazo tecnolóxico:** equipado con ordenadores e tabletas con acceso a internet, este espazo permite ao alumnado acceder a recursos dixitais, realizar investigacións en liña e desenvolver competencias tecnolóxicas esenciais.
- **Espazo musical:** equipado cun teclado onde o alumnado pode gozar creando música ou escoitando aos seus compañeiros tocar este ou outros instrumentos que eles traian consigo.
- **Espazo de creación audiovisual:** zona con Croma dedicada á produción de contido audiovisual, onde o alumando pode aprender e experimentar con diferentes ferramentas e técnicas de creación de vídeo e outros materiais multimedia.
- **Espazo de Radio Escolar:** zona que permite ao alumnado explorar o mundo da comunicación, desenvolver habilidades de expresión oral e traballar en equipo a creación de podcast.

Con esta variedade de espazos, a Biblioteca de Leo e Mariña proporciona un entorno rico e diversificado, onde cada membro da nosa comunidade pode atopar o seu lugar para aprender, crear e crecer. Seguiremos



traballando para mellorar e ampliar estes espazos, garantindo que continúen sendo un recursos vital para todos.

EQUIPAMENTO

A Biblioteca de Leo e Mariña está dotada dun completo e variado equipamento que facilita un amplo abanico de actividades educativas e creativas. Este equipamento permite que a biblioteca sexa un centro de recursos multifuncional, adaptado ás necesidades da nosa comunidade educativa. A continuación descríbese o equipamento dispoñible:

- **Tecnoloxía e informática:** ordenadores de sobremesa, portátiles, tabletas, impresoras e proxector.
- **Equipamento audiovisual:** cámara de fotos, cámara de vídeo, croma e equipamento de radio escolar.
- **Equipamento para a creatividade e a aprendizaxe:** mesa de luz, material de robótica, material de construcións, xogos de matemáticas e de habilidade, equipamento científico, manualidades, material de programación, material inclusivo.
- **Sistema de xestión:** préstamo automatizado a través do programa KOHA, lectores de código de barras.

Este equipamento diversificado permite que a biblioteca funcione non só como un lugar de lectura e estudo, senón tamén como un centro de experimentación, creación e aprendizaxe activa.

Os ordenadores e tabletas proporcionan acceso a recursos dixitais e internet, mentres que as impresoras/fotocopiadoras permiten a creación e duplicación de materiais. As cámaras de fotos e vídeo, xunto co croma, permiten ao alumnado explorar a produción audiovisual, desenvolvendo proxectos innovadores.

O equipamento de radio escolar ofrece unha plataforma única para a comunicación e a expresión oral, permitindo ao alumnado participar na creación de podcast. A mesa de luz, os materiais de robótica, construción, xogos matemáticos e manualidades enriquecen a oferta de actividades prácticas, mentres que o material científico e de programación fomenta o desenvolvemento de habilidades técnicas e experimentais.

Finalmente, o material inclusivo asegura que todo o alumnado teña acceso igualitario aos recursos e actividades, promovendo unha educación equitativa e inclusiva. A combinación de todos estes recursos fai da Biblioteca de Leo e Mariña un verdadeiro centro de aprendizaxe e innovación, esencial para o desenvolvemento integral dos nosos alumnos e alumnas.

COLECCIÓN

A colección da Biblioteca de Leo e Mariña está meticulosamente xestionada e centralizada na biblioteca escolar, garantindo unha organización eficiente e un acceso sinxelo a todos os recursos. Ademais, todos os



fondos localizados noutros espazos, como aulas e departamentos, están rexistrados e integrados no sistema da biblioteca.

Durante o curso, realizouse unha **expurgación** para eliminar materiais obsoletos ou en mal estado, e continuaremos con este proceso para asegurar que a colección se manteña actualizada e en boas condicións. Os fondos da biblioteca son apropiados para o alumnado matriculado no centro, proporcionando recursos axeitados para todas as etapas educativas.

A nosa colección é ampla e variada, composta por un total de **13.420 volumes** rexistrados. Destaca por incluír unha significativa cantidade de libros informativos para todas as áreas de aprendizaxe, así como xogos e materiais manipulativos de carácter informativo. De feito, o **55%** dos fondos está composto por materiais de **non ficción** (libros, xogos e outros recursos) o que reflicte o noso compromiso en apoiar o currículo escolar e fomentar a curiosidade intelectual dos nosos estudantes.

Por outra parte, a biblioteca conta cunha rica selección de libros de **ficción**, literatura xuvenil e clásicos, así como xogos e materiais manipulativos de ficción, que representan o **45%** da colección. Este equilibrio entre ficción e non-ficción permite que os alumnos teñan acceso a unha variedade de xéneros e formatos, promovendo tanto o pracer da lectura como a adquisición de coñecementos.

A nosa colección tamén é **inclusiva**, con material adaptado para o alumando con necesidades específicas de aprendizaxe. Estes materiais inclúen libros con multitexturas, en lingua de signos, con pictogramas, de fácil lectura, en maiúsculas, sen texto, con tapa dura, entre outros. Esta diversidade asegura que todos os estudantes, independentemente das súas necesidades, teñan acceso equitativo aos recursos educativos.

En resumo, a colección da Biblioteca de Leo e Mariña están ben conservada, actualizada e é adecuada para os nosos estudantes, proporcionando un soporte esencial para a súa aprendizaxe e desenvolvemento persoal. A súa variedade e inclusividade fan dela unha ferramenta fundamental para o fomento da educación e da cultura na nosa comunidade escolar.

Recursos humanos

Durante o curso 2024/25, a Biblioteca de Leo e mariña contou cun equipo comprometido e traballador que, a pesar das poucas horas das que se dispoñía para levar a cabo as tarefas de biblioteca, conseguiu levar a cabo as actividades e manter os servizos da biblioteca.

A persoa **responsable da biblioteca** dispuxo de 4 horas recoñecidas no seu horario para a xestión das funcións bibliotecarias (unha menos que o curso pasado), claramente insuficientes para levar a cabo estas funcións. Con este curso, acumula dous anos de experiencia como responsable de biblioteca. A persoa responsable acumula un total de 232 horas de formación en cursos relacionados con bibliotecas escolares e o fomento da lectura, reflectindo un forte compromiso coa mellora continua dos servizos bibliotecarios e o desenvolvemento profesional.

O **equipo de biblioteca**, formado por 5 membros ademais da persoa responsable, contribuíu cun total de 12 horas semanais (11 menos que o curso pasado). Polo tanto, non se puideron cubrir as 25 sesións lectivas de



atención ao alumnado e profesorado previstas tendo que reducir a súa labor a tarefas de xestión e mantemento da biblioteca (sen poder prestar moitos dos servizos que se viñan prestando en anos anteriores).

É importante destacar que o equipo de biblioteca dedicou moitas horas fora do horario recoñecido para poder sacar adiante as actividades propostas. Sen a súa dedicación e esforzo adicional, non sería posible alcanzar os logros recollidos nesta memoria. A súa entrega e traballo desinteresado foron fundamentais para manter a biblioteca como un centro vital de recursos e aprendizaxe para toda a comunidade.

Ademais do equipo de biblioteca, tivemos a sorte de contar con profesorado e alumnado colaborador que desinteresadamente axudou na xestión e na realización e dinamización de diversas actividades. Esta colaboración foi esencial para ampliar o alcance das nosas iniciativas e para manter a biblioteca como un espazo vibrante e activo dentro da escola.

Orzamento

A Biblioteca de Leo e Mariña contou con diversos recursos financeiros procedentes de distintas partidas, que permitiron a adquisición de novos fondos, a mellora de infraestruturas e a formación tanto do profesorado como do alumnado. A continuación, detállase o orzamento dispoñible para este curso escolar.

1. **PLAMBE:** 1564'20€ destinados á adquisición de fondos novos para a biblioteca, co obxectivo de manter actualizada e enriquecida a colección.
2. **BIBLIOTECA CREATIVA:** 500€ para a formación do alumnado de quinto de primaria en Scornabots, placas Makey Makey e tarxetas Microbit.
3. **RADIO ESCOLAR:** 500€ destinados á formación do alumnado de quinto de primaria en lectura dramatizada de textos radiofónicos.
4. **ORZAMENTO ORDINARIO:** destinados á adquisición de fondos, mobiliarios e diverso material funxible e non funxible.
 - Parte dos 5.000€ procedentes dos gastos de funcionamento do centro no ano 2.024.
 - Parte dos 4.000€ procedentes dos gastos de funcionamento do centro no ano 2.025.

Este orzamento permitiu non só a actualización e ampliación dos fondos da biblioteca, senón tamén a mellora dos espazos e a oferta de actividades formativas innovadoras. Grazas a estes recursos, a biblioteca puido seguir sendo un centro de aprendizaxe dinámico e adaptado ás necesidades da nosa comunidade educativa.

Actividades

A biblioteca de Leo e Mariña mantivo, ao longo do curso 2024/25, un papel fundamental como espazo dinamizador da vida do centro, integrador dos distintos proxectos educativos e facilitador de aprendizaxes significativas. A planificación e execución das actividades desenvolvéronse en coherencia coas liñas



prioritarias recollidas na Programación Xeral Anual, tendo sempre como obxectivo principal a formación integral do alumnado desde unha perspectiva inclusiva, creativa e colaborativa.

Ao longo deste curso, leváronse a cabo unha ampla variedade de actividades que reflicten o seu papel central na comunidade educativa. Estas actividades abordan diversos ámbitos que podemos clasificar en dous grandes grupos, actividades relacionadas coa xestión e organización da biblioteca e actividades de dinamización da biblioteca.

1. Actividades relacionadas coa xestión e a organización

- **ORGANIZACIÓN DO EQUIPO DE BIBLIOTECA:** comezou xa en setembro, con reunións periódicas (como mínimo o primeiro martes de cada mes) para elaborar a PXA, o Plan Anual de lectura e o deseño do Proxecto Documental Integrado “Un mundo cheo de ciencia”, así como para coordinar o calendario de actividades e distribuír as funcións entre o profesorado colaborador. A coordinación interna incluíu tamén a asignación de actividades específicas, a planificación por meses e a colaboración constante cos diferentes equipos do centro, como o Equipo de Dinamización da Lingua Galega, Voz Natura, Equipo TIC, Extraescolares... Tamén se levou a cabo a creación, revisión e reparto de caixas viaxeiras, adaptadas ás necesidades das bibliotecas de aula segundo os diferentes niveis.
- **XESTIÓN DA COLECCIÓN:** implicou tarefas de compra de novos exemplares, catalogación, expurgo, creación de etiquetas e asignación de códigos de barras aos exemplares novos, asegurando así un fondo actualizado e ben organizado. A revisión e reorganización dos espazos da biblioteca realizouse co obxectivo de adaptarse á normativa CDU, mellorando a disposición dos recursos bibliográficos e a súa etiquetaxe. Realizouse o seguimento dos servizos de préstamo, tanto de libros físicos como doutros fondos non libraríos, garantindo o acceso a recursos actualizados por parte do alumnado, profesorado e familias.
- **XESTIÓN DO ALUMNADO VOLUNTARIO:** solicitouse a colaboración de alumnado voluntario en sexto de primaria. Con todo, foron moitos os alumnos e alumnas de distintos niveis os que colaboraron de maneira activa en tarefas de organización do espazo, apoio nos recreos, control das devolucións, atención aos usuarios e dinamización de actividades como son “Venres de historias + Venres musicais”.
- **ELABORACIÓN DE MATERIAL:** principalmente para dar soporte ao PDI (unha presentación xeral do proxecto, exemplos de actividades específicas por estación científica, cartas narrativas de Leo e Mariña para contextualizar o traballo co alumnado, selección de vídeos de mulleres científicas, álbum de cromos de mulleres científicas...).
- **FORMACIÓN DO EQUIPO:** todo o equipo de biblioteca recibiu unha formación específica dentro do noso PFPP sobre a xestión e a organización dunha biblioteca escolar e unha gran parte do mesmo



participou na formación dentro do PFPP de Polos Creativos sobre programación de tarxetas Microbit.

- XESTIÓN DO BUZÓN DE SUXESTIÓNS: contamos cunha caixa de correo accesible a toda a comunidade educativa onde recibimos suxestións de compras de diferentes exemplares ou materiais para a biblioteca. Este sistema asegura que a colección da biblioteca estea sempre actualizada e relevante, atendendo ás necesidades e intereses de todos os seus usuarios.
- GARDA NOS VENRES DE BIBLIO: Todos os venres, de 16:00 a 18:00, a biblioteca abriu as súas portas para toda a comunidade educativa. Durante este tempo, sempre houbo presenza de membros do equipo de biblioteca para facilitar o uso dos recursos e a participación nas actividades. Esta apertura vespertina permite que as familias e outros membros da comunidade poidan acceder á biblioteca, fomentando un maior sentido de pertenza e colaboración.
- DIFUSIÓN: a difusión do traballo desenvolvido realizouse a través da actualización (sempre que foi posible) dos diferentes espazos asignados á nosa biblioteca:
- Aula Virtual da biblioteca: [UN MUNDO CHEO DE CIENCIA](#)
- Espazo Web da biblioteca: [BLOG DE LEO E MARÍÑA](#).
- Espazo no blog para o [Proxecto Documental Integrado](#).
- Espazo no blog para [RadioVales](#).
- Espazo no blog para [Biblioteca Creativa](#).
- Espazo no blog para as [Novidades da Biblioteca](#).
- AVALIACIÓN: realizouse a avaliación do funcionamento da biblioteca e a elaboración das memorias correspondentes, así como a xustificación económica das actividades promovidas desde o programa de Bibliotecas Escolares de Galicia, Radio escolar, e Biblioteca Creativa.

1. Actividades relacionadas coa dinamización

A dinamización da biblioteca abordouse desde unha perspectiva global, dando resposta ás distintas dimensións da súa función: o apoio á alfabetización informacional e mediática, a promoción da lectura e a organización de propostas culturais accesibles, variadas e motivadoras.

- **A biblioteca escolar para a alfabetización mediática e informacional**
- USO DA BIBLIOTECA COMO ESPAZO DE APRENDIZAXE: Tanto o alumnado como o profesorado tiveron acceso aos espazos da biblioteca como laboratorio de aprendizaxe, previa reserva en horario de 9:00 a 14:00. Ademais, o alumnado puido facer uso deste servizo os venres de 16:00 a 18:00 baixo o acompañamento dos seus titores legais. Esta flexibilidade horaria permitiu que a biblioteca fose utilizada para proxectos de clase, investigacións e actividades de aprendizaxe autónoma.



- PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO "UN MUNDO CHEO DE CIENCIA": no que participou todo o alumnado do centro, desde Infantil ata 6º de Primaria. O proxecto desenvolveuse arredor da proposta de traballar en estacións científicas, escollidas por cada nivel educativo, en torno ás cales se artellaron actividades de investigación, expresión oral e creación de produtos finais. As aulas seguiron as fases do método científico e empregaron diversas fontes de información, tanto físicas como dixitais, para investigar temas como o corpo humano, oceanografía, historia, psicoloxía, física e química, robótica, arte... A investigación culmina coa elaboración dunha FEIRA CIENTÍFICA que se levou a cabo no centro o venres 13 de xuño de 2025.
- TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN NA BIBLIOTECA: a biblioteca facilitou o acceso á rede a través de diversos soportes, incluíndo tabletas e portátiles. Este acceso permitiu ao alumnado realizar investigacións en liña, participar en actividades interactivas e desenvolver competencias dixitais esenciais para a súa formación académica e persoal.
- AS FADAS DA CIENCIA: Cada aula fixo unha investigación dunha muller científica, e coas súas investigacións creamos o álbum AS FADAS DA CIENCIA. Cada aula do centro tivo que ler unha pista cada día para, buscando información nos murais elaborados polo alumnado, adiviñar á muller científica que se estaba buscando cada día. Cada acerto supoñía gañar unha pegatina da muller científica en cuestión para completar o álbum.
- EDUCACIÓN AUDIOVISUAL E CREACIÓN MULTIMEDIA: promovéronse actividades como obradoiros de expresión oral, gravacións con CROMA, edición de vídeos e propostas artísticas e científicas vencelladas ao PDI, ou a participación dos 21 días en galego.

- **A biblioteca escolar, mediadora de lectura**

A promoción da lectura constitúe un dos piares fundamentais do labor da biblioteca escolar no CEIP Francisco Vales Villamarín, que ao longo do curso 2024/25 funcionou como espazo dinamizador do hábito lector e facilitador do acceso á diversidade de textos, soportes e experiencias lectoras. As accións realizadas neste ámbito estiveron orientados tanto ao fomento do pracer pola lectura como ao desenvolvemento da competencia lingüística e literaria do alumnado.

- USO DA BIBLIOTECA COMO ESPAZO LECTOR: A biblioteca estivo dispoñible todos os días de 9:00 a 14:00 e os venres de 16:00 a 18:00 para todos os membros da comunidade educativa que desexou utilizala como espazo lector, sempre que non estivese reservada previamente. Esta flexibilidade horaria permitiu que a biblioteca fose un lugar accesible para a lectura individual e colectiva.
- EMPRÉSTAMO DE LIBROS FÍSICOS: A biblioteca ofreceu un servizo de empréstanos de libros físicos que estivo dispoñible para todo o alumnado, profesorado, familias e persoal laboral do centro. Este servizo facilitou o acceso a unha ampla variedade de libros e fomentou o hábito da lectura fora do horario escolar.



- **EMPRÉSTAMO DE LIBROS DIXITAIS:** Facilitamos a todo o alumnado un usuario e unha contrasinal para acceder ao catálogo de E-LBE.2, permitindo o empréstamo de libros dixitais. Esta iniciativa ampliou as posibilidades de lectura, adaptándose ás novas tecnoloxías e aos hábitos de lectura dixital dos nosos estudantes.
- **HORA DE LER:** mantívose implantada en todas as aulas do centro, realizándose diariamente entre as 9:00 e as 9:15. A biblioteca participou activamente na súa organización, proporcionando materiais adaptados aos distintos niveis, suxestión de lecturas e fondos temáticos segundo as necesidades de cada grupo. Esta rutina diaria consolidouse como un momento de calma e concentración, favorecendo a creación dun clima lector positivo e compartido.
- **LECTURAS COMPARTIDAS:** A través do apadriñamento lector, todo o alumnado de primaria 5º, 6º (agás unha aula de sexto) e 4º leu con alumnado de 1º, 2º e 3º, respectivamente, creando vínculos afectivos ao redor da lectura e mellorando a fluidez lectora e a comprensión de textos. Estas sesións realizáronse de forma quincenal na biblioteca, o que contribuíu a reforzar o seu uso como espazo de lectura colaborativa.
- **CAIXAS VIAXEIRAS:** mantívose a actividade como complemento das bibliotecas de aula. Estas foron revisadas, reorganizadas e adaptadas a cada nivel educativo, incorporando exemplares actualizados e diversos en canto a temáticas, xéneros e formatos.
- **VENRES DE HISTORIAS:** Ademais da lectura individual e compartida, impulsáronse propostas como esta, na que o alumnado e profesorado voluntario representaron contacontos nos recreos, dando vida a diferentes narracións orais e reforzando a expresividade.
- **RECOMENDACIÓNS LECTORAS:** Ao longo do curso publicáronse recomendación lectoras a través do blog de Leo e Mariñá, moitas delas redactadas polo propio alumnado. Estas recomendacións tamén foron recollidas en colaboración co xornal local Betanzos e a súa comarca, no que se publicou unha sección mensual con propostas lectoras elaboradas nas aulas.
- **HOXE PRESENTAMOS...:** este curso demos difusión á nosa colección de teatro, o que permitiu dar a coñecer semanalmente unha obra ou colección deste xénero a través do blog da biblioteca.
- **BIBLIOPATIO:** durante os recreos, dispuxemos dun carro de libros no patio, nunha zona con bancos e sombra, onde o alumnado puido ler tranquilamente. Esta iniciativa, coñecida como bibliopatio, converte o recreo nun momento de lecer e lectura, proporcionando un espazo alternativo para disfrutar dos libros ao aire libre.
- **Actividades de extensión cultural**

A biblioteca escolar actuou tamén como espazo de proxección cultural, promovendo ao longo do curso 2024/25 un amplo abano de actividades que permitiron achegar ao alumnado á literatura, á arte, á música, á ciencia e á creación, xerando contextos significativos de aprendizaxe máis alá do



ámbito estritamente curricular. A programación cultural estivo dirixida a fomentar a participación activa, o contacto directo con profesionais da cultura e a expresión das distintas formas de creatividade presentes no centro.

- **VENRES DE HISTORIAS + VENRES MUSICAIS:** Unha das actividades máis valoradas foi a celebración dos "VENRES DE HISTORIAS" das que xa falamos antes pero que se complementa con VENRES MUSICAIS. A combinación de narración oral e música converteuse nun referente cultural no centro, contribuíndo a dinamizar os tempos de lecer desde unha perspectiva educativa e lúdica. Durante o curso escolar participaron nesta actividade 66 alumnos e alumnas e cada venres houbo unha actuación musical (guitarra, piano, saxofón, frauta e/ou xilófonos) e dous contacontos. Todos os meses fíxose unha publicación no blog de Leo e Mariña, amosando as actuacións dese mes. Exemplo: [publicación do resumo de abril](#).
- **OBRADOIROS:** organizáronse diversas propostas creativas, entre as que destacan a proposta de Radio na Biblio de lectura dramatizada "Todo se pode contar con teatro" dirixida por Artur Trillo; a proposta de Biblioteca Creativa dun obradoiro de linguaxe de programación, onde o alumnado aprendeu a utilizar os Scornabots, as placas TECLA-TECLA e as placas MICROBITS.
- **EXPOSICIÓNS PERMANENTES TEMÁTICAS:** organizadas en diferentes espazos da biblioteca. Durante todo o curso mantívose unha mostra rotativa sobre o teatro, en coherencia co lema das bibliotecas escolares deste ano. Así mesmo, con motivo de diferentes efemérides (Samaín, Nadal, 25N...) preparáronse exposicións específicas co fondo bibliográfico relacionado, ofrecendo ao alumando propostas lectoras acordes aos temas traballados nas aulas.
- **CONTACONTOS E OBRAS TEATRAIS:** en colaboración con entidades externas como o Concello de Betanzos realizáronse diferentes actividades culturais. Estas colaboracións permitiron enriquecer a oferta cultural do centro e fortalecer os lazos co entorno social inmediato.

AVALIACIÓN REALIZADA

A avaliación das actividades desenvolvidas pola Biblioteca de Leo e Mariña ao longo deste curso escolar permite concluír que se cumpriron amplamente os obxectivos establecidos, consolidando a biblioteca como un espazo central de aprendizaxe, creatividade e colaboración dentro da comunidade educativa. A continuación, detallamos os principais indicadores de éxito baseados no uso da biblioteca e o grao de cumprimento dos obxectivos previstos para este curso escolar.

1. Indicadores de uso da biblioteca escolar:

- **ALUMNADO:** O uso da biblioteca por parte do alumnado foi elevado e constante. A participación en actividades como "LECTURAS COMPARTIDAS", "Venres de Historias", "Venres Musicais", e nas actividades propostas polo PDI, reflicte un forte compromiso e interese dos estudantes. Ademais o uso regular da biblioteca para a aprendizaxe e os servizos de préstamo de libros físicos e dixitais demostran unha alta implicación do alumnado.



- **PROFESORADO:** O profesorado tamén mostrou un elevado nivel de participación, tanto como colaboradores activos na xestión e organización das actividades da biblioteca, como na súa formación continua. A reserva frecuente de espazos da biblioteca para actividades curriculares e a súa implicación no proxecto documental integrado indicadores clave do uso intensivo e do apoio do profesorado.
- **FAMILIAS:** A apertura da biblioteca os venres pola tarde para toda a comunidade educativa e o uso da caixa de suxestións reflicten unha boa participación das familias. Estas iniciativas facilitaron un maior acceso e interacción das familias cos recursos e actividades da biblioteca, fortalecendo os lazos entre o centro educativo e o entorno familiar.

2. Grao de cumprimento dos obxectivos previstos para o curso 2024/25

- **FOMENTAR O HÁBITO LECTOR E O AMOR POLOS LIBROS:** Alto.

Organizáronse múltiples actividades de animación á lectura (como apadriñamentos lectores, contacontos, celebracións periódicas...), que tiveron unha acollida moi positiva por parte do alumnado. A diversidade de materiais dispoñibles, tanto en formato como en contido, facilitou o acceso á lectura para todos os niveis e intereses. A participación activa do alumnado e o seu entusiasmo reflicten un progreso notable na creación dunha cultura lectora.

- **DESENVOLVER A ALFABETIZACIÓN INFORMACIONAL E DIXITAL:** Medio.

Impartíronse sesións formativas dirixidas ao alumnado colaborador, sobre a colocación dos libros do catálogo KOHA. Porén, queda marxe de mellora da formación sobre a busca de información de fontes fiables e na sistematización destas prácticas en todas as aulas. Detectouse a necesidade de integrar esta formación de maneira máis transversal e continua, tanto para o alumnado como para docentes.

- **INTEGRAR A BIBLIOTECA NO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE:** Medio-Alto.

A biblioteca foi empregada como espazo de apoio a proxectos interdisciplinarios e de investigación en varias aulas, especialmente nas actividades do noso PDI. A colaboración co profesorado foi crecente ao longo do curso, aínda que é preciso continuar promovendo a súa implicación no deseño conxunto de propostas que integren a biblioteca de forma estable e estruturada nas programacións de aula.

- **DINAMIZAR O ESPAZO DA BIBLIOTECA COMO CENTRO DE CONVIVENCIA:** Alto.

A biblioteca converteuse nun espazo vivo e dinámico, con actividades culturais, exposicións temáticas e obradoiros nos que participaron alumnos e alumnas de diferentes etapas, o que favoreceu a súa utilización diaria como lugar de encontro e aprendizaxe compartida.

- **PROMOVER A INCLUSIÓN E A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:** Medio-Alto.



Incorporáronse materiais inclusivos e adaptados (libros de lectura táctil, pictogramas, materiais multilingües..., e prestouse atención á presentación da diversidade cultural e cognitiva. Porén, é preciso continuar ampliando a oferta de recursos específicos para alumnado con necesidades educativas especiais e afondar na formación do profesorado para facer un uso didáctico inclusivo deses materiais.

- ESTABLECER UNHA COLOBAROCIÓN ACTIVA COA COMUNIDADE EDUCATIVA: Medio.

Avanzouse na colaboración con determinados equipos docentes e organizáronse actividades conxuntas coas unitarias que temos adscritas. Aínda así, identificamos a necesidade de reforzar esta liña, creando canles estables de comunicación e participación que favorezan unha implicación máis amplas e continuada de toda a comunidade educativa.

- OPTIMIZAR A XESTIÓN E ORGANIZACIÓN DOS FONDOS BIBLIOGRÁFICOS: Medio.

Actualizouse parcialmente o catálogo mediante KOHA, mellorando a organización do fondo e facilitando o acceso ao préstamo. Aínda así, continúan pendentes tarefas como a revisión completa segundo a CDU, a identificación de materiais obsoletos e a actualización constante coas novidades editoriais que se axusten ao currículo e aos intereses do alumnado.

- AVALIACIÓN E MELLORA CONTINUA DO SERVIZO DE BIBLIOTECA: Medio

Realizáronse algunhas avaliacións internas sobre as actividades desenvolvidas e os hábitos lectores do alumnado. Con todo, non se instaurou unha rutina sistemática de avaliación mediante enquisas ou outros instrumentos participativos que impliquen a toda a comunidade educativa.

O balance xeral do curso é positivo, con avances significativos na dinamización da lectura, na utilización da biblioteca como espazo de convivencia e no apoio ao Proxecto Documental Integrado. Non obstante, seguimos identificando retos clave: a formación sistemática en competencia informacional e dixital, a colaboración co profesorado e coas familias, e a avaliación continua dos servizos da biblioteca.

Previsións de futuro

Co obxectivo de continuar consolidando a biblioteca escolar como un espazo de aprendizaxe, creación, inclusión e convivencia, establecemos as seguintes liñas prioritarias de actuación para o curso 2025/26:

- En relación coa **organización e xestión**, a configuración da biblioteca como “**laboratorio creativo de aprendizaxes**”:
 - Continuar reorganizando espazos segundo a CDU.
 - Mellorar a sinalización dos espazos.
 - Incorporar novo material tecnolóxico e manipulativos.



- En relación coa **dinamización e promoción dos recursos** da biblioteca, a súa **integración no currículo** e a súa contribución á **alfabetización múltiple** e ao desenvolvemento das **competencias básicas** do alumnado:
 - Reforzar a integración da biblioteca na programación de aula.
 - Elaborar e coordinar un Proxecto Documental Integrado de centro.
 - Promover actividades que combinen a lectura, escritura, investigación e creación audiovisual.
- En relación coa **formación** de persoas usuarios e **adquisición da competencia informacional** (competencia para o tratamento da información incluína da actual competencia dixital):
 - Ampliar a formación en uso autónomo da biblioteca, tratamento da información e competencia dixital, tanto para o alumnado como para o profesorado.
- En relación ao **fomento da lectura**:
 - Potenciar a HORA DE LER.
 - Continuar con LECTURAS COMPARTIDAS.
 - Seleccionar recursos para as CAIXAS VIAXEIRAS.
 - Deseñar actividades de narración oral.
 - Renovar fondos e formatos para atender á diversidade lectora.
- En relación co desenvolvemento do **Plan de Lectura, Escritura e Acceso á información** (en materia de lectura, escritura e habilidades no uso, tratamento e produción de información):
 - Revisar e enriquecer os plans actuais e crear uns novos se fose preciso, propoñendo actividades que integren a lectura, escritura e o uso da información, en soporte físico e dixital.
- **Outras actuacións** (biblioteca inclusiva, implicación das familias e comunidade educativa, redes desde a biblioteca escolar, etc.):
 - Mellorar a accesibilidade e inclusión nos espazos e materiais.
 - Fomentar a participación das familias.
 - Incrementar a difusión do traballo.
 - Explorar novas vías de colaboración con outras bibliotecas e entidades.
- En relación coa **avaliación**:
 - Avanzar cara unha avaliación máis sistemática e participativa.



En resumo, a Biblioteca de Leo e Mariña seguirá traballando para ser un espazo de referencia na aprendizaxe, a creatividade e a colaboración, respondendo ás necesidades cambiantes da súa comunidade educativa e fomentando un ambiente inclusivo e dinámico. Co apoio e a participación de todos os membros da comunidade, estamos convencidos e convencidas de que lograremos estes obxectivos e continuaremos avanzando na nosa misión educativa.

9.3_ Equipo de Dinamización da lingua

Actividades de dinamización lingüística.

PDI "Un mundo cheo de ciencia"

O Proxecto Documental Integrado **"UN MUNDO CHEO DE CIENCIA"** foi un proxecto no que desenvolveron todas as competencias do alumnado a través do método científico e os distintos ámbitos relacionados coas ciencias.

Na fase previa cada nivel coñeceu as nocións básicas do método científico e escolleu un ámbito para traballar co seu alumnado.

O produto final do primeiro trimestre foi a realización dalgún experimento sobre o ámbito seleccionado.

Para o segundo trimestre os disfraces do entroido foron inspirados no ámbito científico no que se traballaba.

No terceiro trimestre levouse a cabo a feira científica expoñendo os traballos que se foron realizando durante o curso.

RECUPERACIÓN DO PATRIMONIO NATURAL, CULTURAL E ARTÍSTICO

A vendima

O alumnado de 2º curso de educación primaria trouxo uvas da casa e se representou unha vendima utilizando os pés para facer o pisado e obter o mosto da uva para poder degustalo.

Coa mestra Cris, especialista en música, cantaron unha canción da vendima. A través destas actividades coñeceron o proceso deste oficio e o vocabulario vitivinícola.

O MAGOSTO

No mes de outubro levouse a cabo o magosto, onde as familias viñeron asar, para a rapazada, as castañas ao colexio. Este ano, coa colaboración de mestras xubiladas, tivemos castañeiras que as repartiron caracterizadas e facendo un uso do vocabulario específico desta festa. O alumnado de infantil e primaria gozou de xogos relacionados coas castañas. Coas mestras Cris e Ana, especialistas en música cantaron unha canción sobre o magosto.

O Samaín

Polo Samaín as familias colaboraron na confección de cabazas relacionadas co PDI "Un mundo cheo de ciencia" para facer unha exposición das mesmas nos corredores e na entrada do colexio, así como na elaboración de merendas terroríficas.



Estes días traballáronse, nas titorías, os personaxes e historias relacionadas co Samaín rematando esta investigación cos disfraces relacionados co traballado.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvalesvillamarin/node/3751>

O NADAL

Como actividades de nadal, para potenciar o uso do galego, destacamos a elaboración por parte do alumnado de 6º de primaria dun Pasapalabra con vocabulario de nadal, no que puideron participar alumnos e alumnas dos diferentes cursos de primaria tanto de maneira presencial como de maneira online, a través do programa "mblok".

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvalesvillamarin/aulavirtual/mod/resource/view.php?id=18660>

O alumnado de 2º curso gozou da obra de teatro "A Cheminea do apalpador" organizada xunto co departamento de Normalización Lingüística do Concello de Betanzos e financiada por esta.

Así mesmo o alumnado de 1º e 2º curso asistiu ao espectáculo do Mago Dani García, actividade ofertada por unha das editoriais de libros escolares.

Colaboramos co Concello de Betanzos na difusión, a través da páxina do colexio e o Abalar Móbil, do campamento de nadal para nenas e nenos de 3 a 12 anos.

O ENTROIDO

Abordamos o entroido dende dous eixos:

-Por unha banda, a elaboración dos disfraces para o desfile coa temática do PDI "Un mundo cheo de ciencia".

-Por outro lado, o coñecemento de entroidos tradicionais de Galicia, destacando os de Ourense, así como as tradicións do propio concello e da comarca como o enterro da sardiña, os a propósito de entroido e o entroido de Samede.

En colaboración cos demais equipos do centro organizouse unha actividade na que o Meco nos deu instrucións de como vir vestidos cada un dos días da semana de Entroido.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvalesvillamarin/node/3770>

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvalesvillamarin/node/3774>

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvalesvillamarin/aulavirtual/mod/resource/view.php?id=18843>

Explorando o noso patrimonio cultural e artístico.

Roteiro dos Irmáns García Naveira

Este roteiro, ofertado polo Concello de Betanzos, tivo como obxectivo dar a coñecer todo o patrimonio histórico artístico. O casco histórico foi declarado Conxunto Histórico Artístico no ano 1970 e conta con monumentos nacionais como son a Igrexa de Santa María do Azougue e a Igrexa de San Francisco.



A través do percorrido polo recinto medieval da cidade (a única en Galicia que conserva tres portas medievais) abordáronse episodios históricos da cidade, feitos curiosos e visitáronse os principais monumentos.

Museo das Mariñas de Betanzos

O alumnado de diferentes cursos fixo unha visita ao Museo das Mariñas. Este museo de historia e etnografía ubícase no antigo convento de San Domingos de Betanzos e foi inaugurado no 1983. No mesmo edificio atópase o arquivo e a biblioteca municipal. Alí gozaron de diferentes actividades adaptadas para o nivel de cada curso e puideron observar de primeira man a diversidade de pezas que alí se expoñen.

Explorando o noso patrimonio natural e cultural.

Centro de interpretación de Caldoval, Mugardos.

O alumnado de 4º curso fixo unha visita ao Centro de Interpretación de Caldoval. Un proxecto museográfico no Concello de Mugardos, A Coruña, que pon en valor o xacemento romano descuberto na enseada de Santa Lucía.

A través das visitas guiadas e os obradoiros descubriron como vivían e se coidaban os e as habitantes da Galicia romana. Coñeceron como funcionaban os baños; cal era o uso e características de cada unha das estancias do circuíto termal; as vestimentas que levaban os bañistas; que facían nos seus momentos de ocio; os deportes que practicaban e as súas regras, os xogos de mesa e azar máis populares, e moitas outras cousas interesantes adaptadas a calquera idade e tipo de visitante.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvalesvillamarin/aulavirtual/mod/resource/view.php?id=18616>

POTENCIACIÓN DO GALEGO ORAL E ESCRITO

21 días co galego e +

Fomos un dos 10 centros escollidos este ano para participar neste programa.

As actividades levadas a cabo polo noso centro educativo a través deste programa foron:

- Inauguración: o noso centro abriu o 21DG+ o día 31 de xaneiro cun acto institucional, unha actuación da Escola Municipal de Folclore de Betanzos e a de CÉ Orquestra Pantasma.
- Obradoiros: 2 obradoiros de regueifa para todo o alumnado de 6º curso
- Actuacións: un contacontos para educación infantil, a obra de teatro "O monstro de cores vai á escola" de mestras xa xubiladas do centro educativo.
- Producións audiovisuais que versaron sobre o PDI, cancións, o entroido,...
- Actividades diversas para os tempos de patio durante a duración do programa.
- Intervención no Galicia Por Diante da Radio Galega e no Dígocho eu.
- Peche: pechouse o programa cun Flash mob dunha canción en galego e unha actuación.
- Encontro en Santiago de Compostela co resto de centros educativos.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvalesvillamarin/aulavirtual/mod/resource/view.php?id=18846>

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvalesvillamarin/aulavirtual/mod/resource/view.php?id=18845>



Día Internacional contra a Violencia de Xénero

Para o 25 de novembro propúxose unha actividade na que todo o cole participou facendo un mural dunha muller. Ao longo do ano este mural foise tapando con cartolinas negras cos nomes e idades das mulleres asasinadas durante o curso escolar para ver como ese bonito mural vaise enchendo de negro. Leuse un manifesto en galego para conmemorar este día.

Día Escolar da non Violencia e da Paz

O 30 de xaneiro abordouse o Día Escolar da non Violencia e da Paz a través de varias actividades de aula como debuxar pombas da paz coas mans, ler textos sobre esta temática,... Como actividade conxunta utilizamos material de refugallo para crear o símbolo da paz.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvalesvillamarin/aulavirtual/mod/resource/view.php?id=18821&forceview=1>

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvalesvillamarin/aulavirtual/mod/resource/view.php?id=18743>

DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO

Para conmemorar o Día de Rosalía de Castro a alumnado de 6º curso elaborou un novo "Roteiro de Rosalía", un xogo semellante ao da oca onde puidemos coñecer curiosidades desta escritora e tamén da súa obra onde participou todo o alumnado de primaria.

O día 14 de febreiro o alumnado de 3º curso de primaria puido gozar dos contos teatralizados "Historias soñadas" de Trémola Teatro que narra a historia de Rosalía de Castro.

Unha aula de 6º curso participou no Homenaxe a Rosalía de Castro organizado polo Concello de Betanzos xunto con diversas asociacións culturais betanceiras o 21 de febreiro na Aula de Cultura Xulio Cuns.

Dimos difusión a recursos elaborados por outros centros educativos ao igual que as propostas da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega para traballar nas aulas.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvalesvillamarin/aulavirtual/mod/resource/view.php?id=18833>

Semana das Letras Galegas.

Do 13 ao 17 de maio celebramos a semana das Letras Galegas este ano dedicado ás cantareiras.

Para o traballo en aula puxemos en coñecemento dos titores e titoras todo o material que estivo da nosa man como o de Primavera de Letras ou o Seminario Galán. Así mesmo fixemos difusión do XIV Concurso de carteis das Letras Galegas organizado polo Concello de Betanzos.

Organizado polo concello contamos cos seguintes espectáculos e obradoiros:

Obradoiro "Construímos unha cantiga?" para o alumnado de 4º curso

"Consertasso na horta" de Brais das Hortas para alumnado 1º curso.



Ademais disto, viñeron os grupos de cantareiras onde participa alumnado do colexio a facer mostra da boa labor que fan neste eido. Tamén as Cantareiras do Vales, que levan todo o curso participando nun obradoiro de pandeireta durante os recreos , deron mostra do aprendido nos Venres de historias e música na biblioteca.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvalesvillamarin/node/3788>

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvalesvillamarin/node/3787>

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvalesvillamarin/aulavirtual/mod/resource/view.php?id=18939>

Xogas en galego?

No tempo de recreo o alumnado, de forma voluntaria, podía acudir á Sala de Usos Múltiples para xogar a xogos de mesa e educativos.

Ata o curso pasado os xogos eran exclusivamente en castelán mais este curso incorporamos xogos en galego co fin de que puideran pasar este tempo de lecer na nosa lingua.

A marabillosa viaxe da pinga Pingona

O alumnado de 5º e 6º de educación infantil gozou do espectáculo "A marabillosa viaxe da pinga Pingona" de Laura Martínez Rey, que tivo como obxectivo principal aproveitar como medio o noso corpo e o movemento para integrar a lingua dunha maneira vivencial, divertida e colaborativa. "Unha espelida pinga de chuvia chamada Pingona, fai unha parada no camiño das nubes ao mar, para axudar ao Polbo Xan, na procura de algo moi especial por mar e terra...". Así coma esta aventura de amizade, respecto e natureza.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvalesvillamarin/node/3749>

Venres de historia e música

O EDLG colaborou co Equipo de Biblioteca na realización da actividade VENRES DE HISTORIA E MÚSICA. Esta actividade levouse a cabo cada venres, o alumnado de diferentes cursos participou para contar un conto ou ben preparar unha actuación musical no tempo de recreo para o resto de alumnado.

A través de cartaces e megafonía anunciouse cal era o conto ou actuación musical e que alumnado tiña preparado.

<https://blogdeleo-valesvillamarin.blogspot.com/2025/04/venres-de-historias.html>

https://blogdeleo-valesvillamarin.blogspot.com/2025/04/venres-de-historias-venres-musicais_24.html

<https://blogdeleo-valesvillamarin.blogspot.com/2025/03/venres-de-historias-venres-musicais.html>

Día da Poesía

Celebramos o Día da Poesía co obradoiro "Cociñando poesía" con Antía Otero para o alumnado de 6º de educación primaria. Neste obradoiro introducíronse no mundo da poesía como receptores pero tamén como creadores.



TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN

Non te cortes coa lingua

O EDLG, ademais de publicar na páxina web do centro, utilizou o espazo da Aula Virtual Non te cortes coa lingua para publicar todas aquelas actividades, novas, lexislación e recursos útiles que pensamos que podían ser de interese da Comunidade Educativa.

Este é un espazo aberto á participación, o que deu pé a que calquera membro da Comunidade Educativa achegara suxestións sobre actividades para realizar ao longo do curso que igual non estaban reflectidas neste proxecto.

ROBÓTICA

No tempo de recreo o alumnado puido acudir ao recuncho fedelleiro onde se imparten obradoiros de robótica tratando diferentes aspectos segundo as épocas do ano. As tarefas e intercambios de información dos proxectos de programación e as súas aplicacións na robótica, tiveron como lingua vehicular o galego.

CIENCIA EN GALEGO

Nas diferentes aulas lévanse a cabo diferentes actividades relacionadas coas ciencias naturais e sociais que se imparten en galego. Moito do material existente recóllese no recuncho fedelleiro mais o material en galego é escaso ou está desactualizado. Pretendemos durante os vindeiros anos, dotar este recuncho con máis material en galego, tal e como fixemos este curso.

CERTAMES E CONCURSOS

Concurso de Carteis de Nadal e Letras Galegas

O EDLG, en colaboración co servizo de normalización lingüística do Concello de Betanzos, e xunto cos EDLG dos centros educativos da contorna, promovimos a participación do alumnado no concurso de carteis do Nadal e das Letras Galegas que organiza o Concello de Betanzos, conseguindo dous accésits, un en cada certame.

INTERCAMBIO CON OUTROS CENTROS, INSTITUCIÓNS E ASOCIACIÓNS

Colaboración cos centros adscritos de EEI de Coirós, Areas e Viñas e IES Francisco Aguiar

Como todos os anos o CEIP Francisco Vales Villamarín mantivo un contacto directo cos centros adscritos tanto a través do EDLG como do resto de equipos do centro; intercambiando materiais didácticos e na realización de actividades conxuntas.

Avaliación e propostas de mellora

- Deseñáronse actividades para todos os obxectivos establecidos na Programación Xeral Anual, mais a falta de dispoñibilidade horaria do profesorado que forma parte do equipo dificulta o desenvolvemento dalgunhas delas de forma axeitada ao igual que o feito de ter os edificios de infantil e primaria afastados no espazo.



- Realizáronse reunións mensuais o primeiro martes de cada mes agás días non lectivos, avaliacións ou claustros. Deixáronse de realizar no 2º trimestre pola baixa da Coordinadora do EDLG ao igual que a primeira reunión do 3º trimestre. De calquera xeito solventouse este inconveniente informando ao equipo a través de medios dixitais e moita dedicación por parte de varias persoas do mesmo que puxeron moito da súa parte para que as actividades propostas fosen levadas a cabo.
- A participación do alumnado e do profesorado nas actividades propostas foi boa na maior parte de actividades.
- Considérase positiva a colaboración co Servizo de Normalización do concello pero o feito de marchar no 1º trimestre a normalizadora do concello e non ter contratado outra, fixo que algunha das actividades se confirmasen un pouco xustas de tempo.
- Houbo varias actividades que estaban propostas que non se levaron a cabo entre elas a Carreira Solidaria e a celebración das Letras Galegas por parte do Concello de Betanzos.

9.5_ Equipo TIC

A integración das novas tecnoloxías da información e da comunicación no currículo

Segundo a LOMCE un dos obxectivos na Educación Primaria é “iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran”.

As novas tecnoloxías son un elemento na mellora da calidade do ensino que posibilitan o acceso á información tanto ao profesorado como ao alumnado. Polo que o ordenador e as ferramentas TIC deben introducirse xa dende as aulas de infantil como unha ferramenta de traballo máis, sendo, ademais un elemento motivador das aprendizaxes.

O uso das TIC no proceso de ensino- aprendizaxe faise patente na diversidade de actividades que leva a cabo o profesorado, tanto a nivel particular (na elaboración das programacións, na procura de recursos, na elaboración de material de traballo, no emprego do correo electrónico como medio de comunicación coas familias,...) como a nivel xeral co alumnado (realización de actividades dixitais interactivas, visualización de vídeos educativos, busca de información en internet, aprendizaxe no manexo de distintos programas informáticos,...)

A LOMLOE reflicte que Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe. As Administracións educativas deberán establecer as condicións que fagan posible a eliminación no ámbito escolar das situacións de risco derivadas da



inadecuada utilización das TIC, con especial atención ás situacións de violencia na rede. Fomentárase a confianza e seguridade no uso das tecnoloxías prestando especial atención á desaparición de estereotipos de xénero que dificultan a adquisición de competencias dixitais en condicións de igualdade.

As actividades levadas a cabo nos diferentes niveis no emprego uso dispositivos dixitais foron moi variadas, atendendo ás distintas idades dos rapaces e rapazas e aos obxectivos a alcanzar. Así traballouse o acendido e apagado dos equipos, o manexo do Panel Dixital, o manexo do rato con distintos xogos, visionado de vídeos relacionados coa temática a traballar, a realización de actividades interactivas para afianzar aprendizaxes, navegación segura por distintas páxinas web na procura de información, presentación de traballos en soporte dixital, realización de vídeos ...

No curso 2017-2018 o colexio entra a formar parte do Proxecto EDIXGAL nas aulas de 5º e 6º de Educación Primaria. Isto supuxo un cambio e, polo tanto, unha mellora dos equipamentos informáticos do profesorado e do alumnado. Durante este curso 24/25 contamos cunha serie de recursos tecnolóxicos para as aulas como son 15 portátiles de mestres e mestras, tanto titores e titoras coma especialistas, once Paneis Dixitais cos seus respectivos netbooks, e 262 netbooks de alumnado.

O feito de que 5º e 6º de Primaria contén cos netbooks EDIXGAL facilita en gran medida a integración e uso do material dixital por parte do resto do alumnado. De igual xeito, a finalización da instalación de Paneis Dixitais nas aulas de 3º a 6º de Primaria mellorou esta integración.

O presente ano continúaase reutilizando os netbooks do programa Educa en Dixital. Por outra banda continúaase pendente dun lugar para a instalación permanente do Polo Creativo e centralización do material.

De forma paralela foise retirando o material en desuso, desactualizado ou estropeado que existe no centro para ir descatalogándoo progresivamente.

Actuacións e consecución de obxectivos

A continuación valóranse os obxectivos que figuran no Plan de Integración das TIC (PXA):

Para o centro:

Implantar o uso das TIC como unha ferramenta de traballo máis no proceso ensino-aprendizaxe, e coñecer os seus usos básicos e as súas posibilidades para a Comunidade Educativa.	Moito
Continuar no CEIP Vales Villamarín co Proxectos E-Dixgal e Abalar.	Moito
Desenvolver o Plan Dixital de Centro	Bastante

Para o profesorado:



Estimular ao profesorado para que introduza as TIC na súa práctica docente.	Bastante
Promover o perfeccionamento e actualización do profesorado nas TIC, como base fundamental para o desenvolvemento dos proxectos.	Bastante
Potenciar o emprego da informática como ferramenta de traballo cotiá na aula: programacións, fichas, actividades TIC,...	Moito
Intercambiar coñecementos e experiencias a través de Internet.	Pouco (1)
Promover a busca de información a través de Internet.	Bastante
Adquirir o coñecemento básico do emprego seguro da tecnoloxía	Bastante
Emprego dos recursos da Aula de Informática e Polo Creativo.	Bastante
Promover a aprendizaxe das posibilidades e dos recursos do Proxecto Abalar.	Moito
Utilizar os recursos que proporciona o Proxecto Abalar.	Moito
Desenvolver o proxecto E-Dixgal en 5º e 6º de Educación Primaria.	Moito
Colaborar na dinamización da páxina web do centro.	Pouco (3)
Solucionar os problemas técnicos máis comúns que xorden nos equipos informáticos.	Bastante
Fomentar o uso do correo electrónico como medio de comunicación da comunidade educativa.	Bastante
Coñecer o funcionamento das Aulas Virtuais como ferramenta no ensino.	Bastante
Empregar os distintos recursos TIC na atención das NEAE/NEE.	Bastante

(1) Favorecer e poñer en relevo o emprego de opcións corporativas para o intercambio de experiencias

(2) Condicionado á renovación da mesma, faise necesario dinamizala.

(3) Débese realizar formación específica nestes contidos para favorecer a súa consecución.

Para o alumnado:

Facilitar ao alumnado un instrumento atractivo para adquirir e afianzar coñecementos.	Moito
Utilizar os Paneis dixitais como recurso para reforzar contidos curriculares.	Moito
Aprender o manexo básico do sistema operativo, os programas que se van utilizar na aula, navegación por Internet, etc.	Bastante
Potenciar o uso do ordenador como un medio de aprendizaxe.	Bastante
Desenvolver estratexias para a busca, selección e organización da información.	Bastante



Coñecer estratexias para o emprego seguro das tecnoloxías ao alumnado	Bastante
Fomentar o uso dos medios informáticos como forma de romper coas desigualdades sociais.	Bastante
Potenciar a utilización dos recursos a disposición do colexio polo Proxecto Abalar e Polo Creativo.	Bastante
Adquirir, por parte do alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria, estratexias e habilidades no uso da plataforma EVA e dos distintos libros dixitais.	Moito
Coñecer a Aula Virtual do centro.	Bastante

Para a comunidade educativa:

Potenciar a expresión e a participación de toda a Comunidade Educativa nas actividades do Centro: web, blogs...	Bastante
Favorecer o uso do ABALAR MÓBIL como canle de comunicación profesorado-familias.	Moito
Integrar progresivamente a comunidade educativa no Espazo Abalar.	Moito
Dar a coñecer a plataforma EVA e o proxecto E-Dixgal ás novas familias que se incorporan ao programa e ao centro.	Bastante

Actividades propostas por niveis

Dando resposta ao obxectivo da LOMCE de "iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran", o profesorado dos distintos niveis de Infantil como os de Primaria levaron á práctica a maior parte das actividades propostas no proxecto TIC do presente curso en maior ou menor medida e mailas previstas no plan Plan Dixital onde podemos observar o seu seguimento no seguinte enlace:

<https://www.edu.xunta.gal/educalidade/BuscaPlanAction?codPlan=1&codConvocatoria=133&codCentro=15001124>

Dificultades atopadas e propostas de mellora

Dificultades atopadas	Propostas de mellora
Dificultade á hora de ofertar cursos motivadores para a formación do profesorado.	Realización da formación o 1º trimestre en base a información recibida dos distinto/as coordinadores/as
Dinamizar o emprego e xestión da páxina web por parte do profesorado.	Mellorar a formación do profesorado en Drupal. Reforzar e coordinar a xestión da páxina web por parte dos colaboradores dos niveis, equipos...
Adaptación da A. de Informática 2º	Centralización de recursos TIC de reserva dentro desta zona



Xestión da información para que chegue de forma efectiva a todo o Claustro	Desenrolar un proceso para que a comunicación dos distintos contidos, protocolos e actuacións chegue de forma efectiva a toda o Claustro. Creación do proceso dentro dun grupo de traballo de PFPP.
Organización e distribución de tarefas no equipo TIC. CDD dos membros do equipo	Definir na 1ª reunión de equipo os roles dos distintos compoñentes do mesmo. Procurar que os membros do equipo TIC teñan unha CDD mínima dun B2.

9.6. EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares CEIP Francisco Vales Villamarín – Betanzos (A Coruña)

1. Introducción

A presente memoria recolle o traballo realizado polo Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares do CEIP Francisco Vales Villamarín ao longo do curso académico 2024-2025. O noso principal obxectivo foi enriquecer a formación do alumnado mediante propostas educativas dentro e fóra da aula que fomenten a convivencia, o respecto, o coñecemento do contorno e o desenvolvemento das competencias clave.

2. Obxectivos Xerais

- Complementar o currículo académico con actividades culturais, deportivas, artísticas e de convivencia.
- Promover a participación activa do alumnado no seu contorno social e natural.
- Fomentar valores como a cooperación, a tolerancia, a responsabilidade e o respecto.
- Coñecer e valorar o patrimonio cultural e natural de Galicia, especialmente o da nosa comarca.

3. Actividades Realizadas

A continuación en aspectos xerais expóñense as actividades desenvolvidas por áreas temáticas:

A. Actividades Culturais

- **Visita a museos** como Museo das Mariñas (Betanzos), Museo de Belas Artes e Museo Fundación ABanca que ofreceron un coñecemento da cultura local e enriquecemento de aspectos curriculares.
- **Obradoiro de contacontos en galego** con autores/as locais.
- **Saída ao Palacio da Ópera**: Obra adaptada para Primaria.

B. Actividades Medioambientais

- **Depuradora de Betanzos**: visita guiada polas instalacións.
- **Andaina e roteiros por Betanzos**: Observación da flora e fauna autóctonas.
- **Participación en Voz Natura**: Limpeza do contorno escolar e plantación de árbores.
- **Obradoiro de reciclaxe creativa**.

C. Actividades de Convivencia

- **Vendima** preparación artesá do mosto (2º EP)
- **Magosto popular** con merenda tradicional e convivencia de internivel.
- **Samaín** con disfraces.



- **Festival de Nadal:** visita dos Reis Magos e entrega de carta, espectáculos de maxia e obradoiros.
- **Día da Paz** coa produción de mensaxes da paz.
- **Saída de fin de curso** por niveis (Zonafan, granxa-escola...).
- **Convivencia entre 1º EP e 6º EI** con actividades para coñecer o centro e a súas instalación, así como, promover actividades compartidas de cooperación, de respecto e aprendizaxe entre iguais.
- **Feira científica** coa participación de todo o centro e visita do cole de Coirós.

A continuación, preséntase de xeito detallado o cadro co conxunto de actividades desenvolvidas ao longo do curso académico:

SETEMBRO	ACTIVIDADE	NIVEL	DESTINO/ UBICACIÓN
Concerto Clave de Fa		3º- 6º EP	SUM Primaria
OUTUBRO	ACTIVIDADE	NIVEL	DESTINO/ UBICACIÓN
Vendima		2ºEP	Patio cuberto
Danzacontos		infantil	Edif. Infantil
Magosto		TODO PRIMARIA INFATIL, agás 5ºEP	Aulas e Patio cuberto
Depuradora de Betanzos		1ºEP	Depuradora de Betanzos
Galicreques		1º, 2º e 3º EP	Aula Municipal de Cultura Xulio Cuns (edi do Arquivo)
Samaín		TODO O CENTRO	aulas
NOVEMBRO	ACTIVIDADE	NIVEL	DESTINO/ UBICACIÓN
Saída á Domus		3ºEP	A Coruña (Domus)
Saída ao Museo Caldoval		4ºEP	Mugardos (Museo Caldoval)
Museo das Mariñas		6ºEP	Centro de Betanzos
Obradoiro (contra a violencia de xénero)		5º e 6º EP	Aulas ordinarias de 5º EP
Food truck		1º EP	Centro (entrada de 1º EP)
DECEMBRO	ACTIVIDADE	NIVEL	DESTINO/ UBICACIÓN
Saída ao Museo de Belas Artes	10:45-13:30	5º EP	Museo de Belas Artes (A Coruña)
Contacontos		4º, 5º e 6º EI	SUM Infantil
Espectáculo de maxia		1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6ºEP	SUM Primaria
Pleno do Concello		6º EP	Concello
A Chimenea do Apalpador (obra teatral)		2º EP	SUM Primaria
Visita dos Reis Magos		INFANTIL	SUM Infantil



Visita dos Reis Magos		PRIMARIA	SUM Primaria
XANEIRO	ACTIVIDADE	NIVEL	DESTINO/ UBICACIÓN
Saída ao Museo de A Fundación		5º EI	A Fundación (A Coruña)
Eroski (charla e visita)		6º EP	Eroski (Betanzos)
Día da Paz		TODO O CENTRO	Nas aulas e no patio cuberto (por inclemencias metereolóxicas)
FEBREIRO	ACTIVIDADE	NIVEL	DESTINO/ UBICACIÓN
21 Días co Galego: Teatro Xubivale contacontos, videoconferencias “Dígocheu”, Trémola Teatro “Rosalia de Castro Historias Soñadas”, Flash move e obradoiro de regueifas.		TODO O CENTRO	Nas diferentes dependencias do centro desenvolvido ao longo dos 21 días.
Roteiro casco histórico de Betanzos.		2º e 3º EP	Centro de Betanzos
Saída ao Palacio da Ópera		5º e 6º EI	Palacio da Ópera (A Coruña)
Plan director: violencia sobre a muller prevención de delitos sexuais		5º EP	SUM PRIMARIA
Plan director: as TIC e os seus riscos drogas/alcohol		6º EP	SUM PRIMARIA
MARZO	ACTIVIDADE	NIVEL	DESTINO/ UBICACIÓN
Saída ao Museo das Mariñas		1º e 3º EP	Museo das Mariñas
Psicóloga do Concello: Alcohol e tabaco		5º e 6º EP	Aulas de 5º e 6º EP
Roteiro casco histórico de Betanzos.		5º EP	Centro de Betanzos
Saída ao MUNCYT		2º EP	MUNCYT (A Coruña)
Plan director: violencia sobre a muller Policía e CIM (Coirós)		6º EP	Aulas de 6º EP
Plan director: acoso/ciberacoso escola delitos de odio e discriminación		5º EP	Aulas de 5º EP
Saída: CIEC e roteiro por Betanzos		6º EP	Centro Internacional da Estampación Contemporánea
Saída ao Edificio do Arquivo. Obra teatral		5º e 6º EI	Edificio do Arquivo (Centro de Betanzos)
ABRIL	ACTIVIDADE	NIVEL	DESTINO/ UBICACIÓN
Seguridade vial (sesión teórica e práctica)		2º, 4º e 6º EP	Aulas ordinarias e pabillón
Saída ao Monte San Pedro e Ágora		2º EP	Monte San Pedro e Ágora (A Coruña)



Saída ao Ágora		1º EP	Ágora (A Coruña)
Saída ao Palacio de la Ópera		3º, 4º, 5º e 6º EP	Palacio de la Ópera (A Coruña)
MAIO	ACTIVIDADE	NIVEL	DESTINO/ UBICACIÓN
Albume das mulleres na ciencia e póste	Coordinación co equipo de Biblioteca.	TODO O CENTRO	Aulas, Patio cuberto de Primaria Corredoiro de infantil e Blogue da Bibliotecc
Obradoiro: Todo se pode contar con teatro	Artur Trillo	5º EP	Recuncho fedelleiro (dentro do centro)
Charla medioambiental		4º EP	SUM PRIMARIA
Obra de teatro		1ºEP	O Liceo (Betanzos)
Pandereteiras		1º, 5º e 6ºEP	Patio cuberto
Obra de teatro: Letras galegas. Caxoto	Charo Pita	4º EI, 2º, 4º e 5º EP	SUM Infantil SUM Primaria
Saída á Granxa- escola		6º EI	O Ventoso
Saída ao Acuario		1º EP	Acuario (A Coruña)
Saída MUNCYT		4º EP	MUNCYT (A Coruña)
Programación e robótica (Biblioteca	creativa)	5º EP	No centro
Saída Casa do queixo de Grixalba		3º EP	Sobrado dos Monxes
Saída ao Distrito Forestal		4º e 5º EI	Distrito Forestal
Saída: Convivencia co cole de Coirós		6º EI	Convivencia con Coirós
XUÑO	ACTIVIDADE	NIVEL	DESTINO/ UBICACIÓN
Barca: Os Caneiros	9:30-13:30	5ºEP	Os Caneiros
Museo das Mariñas		2º EP	Centro de Betanzos
Saída Granxa Oza- Cesuras (Labrecos)		2ºEP	Oza- Cesuras
Convivencia 6º EI + 1º EP + Coirós		6ºEI + 1ºEP + Coirós	No centro
Saída Corax fauna		4ºEP	Paderne
Feira das ciencias		TODO O COLE + Coirós	No centro
Saída Granxa Oza-Cesuras (Labrecos)		1ºEP	Oza- Cesuras
Saída Empresa Daveiga + Carballolandia		5ºEP	Chantada
Saída á Zona Fan		6º EP	Carral



Camión Bomberos: festa da auga	INFANTIL	INFANTIL
Graduación de 6º EI	6º EI	INFANTIL
Graduación 6º EP	6º EP	PRIMARIA

Durante este ano académico celebráronse ademais as seguintes datas recollidas no artigo 8 do Calendario Escolar publicado pola Consellería, algunhas delas implicando a todo o colexio como o Día da Paz ou o Día Internacional contra a Violencia de Xénero. Organizáronse por niveis ou titorías sempre tratando de integrar de forma transversal a diversidade.

4. Coordinación e Colaboración

Estas actividades foron organizadas en colaboración con:

- Equipos docentes.
- Equipo directivo: organización e coordinación dos apoios, así como, a xestión económica das actividades.
- Concello de Betanzos e Biblioteca Municipal, tamén, Distrito forestal, Garda Civil (Plan Director)e Corpo de Policía Nacional.
- Asociacións culturais e ambientais da comarca.
- Empresas de transporte (Gilsanz) e monitorado externo.

Salientar que se tivo presente os obxectivos marcados na PXA na súa totalidade. Engadir ás melloras na comunicación entre os diferentes equipos de traballo, que se produciu pola incorporación de canles mediante as novas tecnoloxías.

5. Avaliación

A valoración global é positiva. O alumnado amosou un alto grao de participación e interese. As familias valoraron especialmente as saídas didácticas e os obradoiros inclusivos. Favoreceuse a cohesión do grupo e a aprendizaxe significativa fóra da aula.

Entre as **dificultades** atopadas destacan:

- Cambios meteorolóxicos que obrigaron a reprogramar algunhas saídas.
- Garantir os apoios necesarios para desenvolver as actividades.
- Dificultades para organizar e ter cabida nas actividades ofertadas ao ser un centro de liña 5 en primaria e liña 4 en infantil. Moitas actividades non aceptan tanto volume de alumnado.



- Potenciar a mellora da fluidez na información para que chegue a tempo ás familias e ao diferentes niveis, equipos e persoal do centro que se vexa implicado nas actividades programadas. Seguir incidindo na accesibilidade á páxina web do Centro.
- Problemas puntuais coa empresa de transporte: retrasos nas saídas e chegadas dos buses e contrato de recollida restrinxido polo seu horario no mes de xuño.

6. Propostas de Mellora

- Aumentar a planificación con maior antelación para facilitar a loxística.
- Incluír máis actividades intercentros e dentro do Concello.
- Potenciar actividades de inclusión e atención á diversidade.
- Mellorar a coordinación entre os diferentes equipos: Biblioteca, EDLG, TIC...

7. Conclusión

Agradecemos a implicación do profesorado, do alumnado, das familias e das entidades colaboradoras. As actividades complementarias e extraescolares contribuíron de maneira significativa a construír unha escola máis aberta, participativa e integrada no seu contorno.

10. OUTROS PROXECTOS DE CENTRO

Ademais das actuacións dos distintos equipos e departamentos que compoñen o centro, precísanse desenvolver iniciativas que contribúan a acadar as metas educativas xerais, que atendan non só ao ámbito académico, senón tamén ao resto de aprendizaxes que configuran o desenvolvemento integral do alumnado, obxectivo principal de centro.

10.1_ Proxecto Edixgal

Dende o curso 2017-2018, no que o Proxecto E-Dixgal entrou nas aulas de 5º e 6º de primaria, observamos unha mellora tanto dos equipamentos informáticos do profesorado e do alumnado coma da competencia dixital e da contribución a outras competencias que nos proxectos e tarefas se van desenvolvendo.

10.2_ Plan Dixital de Centro

No presente continuáronse a aplicar as medidas previstas no Plan Dixital de Centro. O seguimento do mesmo, adaptado para o curso 2024/25, pode consultarse na seguinte ligazón de EduCalidade:

<https://www.edu.xunta.gal/educalidade/BuscaPlanAction?codPlan=1&codConvocatoria=133&codCentro=15001124>

10.3_ Plan de actuacións para a igualdade de xénero



O Plan que recolle todas as medidas necesarias para unha educación xusta, igualitaria e en permanente alerta para detectar, prever e resolver calquera situación que poida supoñer un prexuízo para a formación da muller no ámbito das súas primeiras etapas tamén se levou a cabo durante este curso. As medidas que se veñen tomando, forman parte dun conxunto coherente que afecta a toda actuación no centro, tanto de forma individual como en grupo. En todos os plans e proxectos que se deseñaron a igualdade formou parte dos seus obxectivos. Xa é norma para todos/as os/as integrantes da Comunidade Educativa calquera medida que protexa os dereitos das alumnas, profesoras, nais, traballadoras, ... mulleres. Consideramos que se cumpriron os obxectivos formais da carta e, ao non ter recollidas por parte de Dirección queixas ao respecto, non houbo que intervir en ningunha situación; todas as pequenas incidencias que puideran ter xurdido resolvéronse nas titorías. O Departamento de Orientación, o Equipo Directivo e todo o claustro mostrou gran sensibilidade cara o alumnado sobre calquera aviso que se nos fixo chegar dende as familias ao respecto da violencia de xénero ou calquera actitude violenta relacionada coa igualdade.

10.4_ PFPP (Proxecto de Formación Permanente do Profesorado)

Durante este curso continuouse co Plan de Formación Permanente do Profesorado e gran parte do claustro se anotou a grupos de traballo. Traballáronse as liñas de acción relacionadas con case todas as competencias, desenvolvendo en cada unha delas o seu correspondente grupo de traballo. Os obxectivos propostos tanto para a formación docente como para a aplicación práctica na aula foron superados positivamente, pero debemos continuar traballando nelas para mellorar e atender as novas necesidades.

Competencia didáctica. A actividade relacionada con Biblioteca escolar, desenvolveu un grupo de traballo de 20 horas de duración, que apostou pola organización e deseño do PDI, o teatro e a dinamización da biblioteca.

Competencia en educación inclusiva e coeducación. O grupo de traballo "Contamos con tod@s" desenvolveu formación sobre as características do alumnado con NEE e as metodoloxías para atendelo, TEA, TDH e DISLEXIA. O funcionamento da aula multisensorial e dos patios de cores no tempo de lecer e a aplicación de recursos do Proxecto de Educación Responsable por parte de docentes responsables nas aulas completaron os obxectivos deste grupo.

Competencia dixital. O grupo de traballo continuou a aplicar as pautas establecidas no plan dixital, xestionou a optimización dos recursos dispoñibles e fomentou a actividade dixital segura do alumnado.

Dentro da mesma competencia, o grupo de Polos Creativos, coordinado con biblioteca e Plan Dixital, concretou o seu traballo na elaboración dun rexistro de material específico, clasificado por etapas, e unha memoria de actividades, recollida na AV do centro.

Relacionado con innovación e investigación, o grupo de traballo de matemáticas manipulativas, continuou a pescudar as dinámicas de traballo que achegasen a práctica manipulativa á aprendizaxe matemática, enfocada a infantil e todos os niveis de primaria.



10.5_ Programas educativos.

Durante este curso mantivemos o plan **PROA+**, proporcionado pola Consellería coa axuda dos FSE, cuxo propósito é combater o abandono escolar dende as primeiras etapas e mellorar as competencias do alumnado, atendendo aspectos como hábitos de traballo, confianza, seguridade e reforzo nas materias instrumentais para obter o éxito académico necesario. O docente PROA, destinado ao alumnado de infantil, estivo durante todo o curso a media xornada.

10.6_ Proxecto VOZ NATURA

O CEIP Francisco Vales Villamarín desenvolveu ao longo do curso 2024-2025 o Proxecto Documental Integrado (PDI) titulado **"Un mundo de ciencia"**, unha proposta educativa centrada na exploración do mundo científico desde múltiples perspectivas, integrando coñecementos, habilidades e valores a través de experiencias significativas.

Cada nivel educativo escolleu un tema adaptado ao seu desenvolvemento e intereses:

- **Infantil:** O corpo humano, a ciencia como arte, e un mundo cheo de luz e cores.
- **Primaria:** Oceanografía, alimentación, meteoroloxía, psicoloxía, historia, inventos, tecnoloxía, robótica, física e química.

Estas temáticas tratáronse mediante **estacións científicas**, experimentos, obradoiros, visitas didácticas e actividades manipulativas que culminaron nunha **Feira Científica** celebrada o 6 de xuño, onde o alumnado amosou os seus traballos e aprendizaxes ao resto da comunidade educativa.

Un dos piares do proxecto foi a revitalización da **horta escolar**, coordinada pola docente M^a Belén Vázquez. O alumnado participou en todas as fases: limpeza dos bancais, colocación de cartóns, plantación de sementes e plántulas (amorodos, leitugas, chícharos, acelgas, etc.), e colocación de palla para evitar herbas. En Infantil tamén se renovou o invernadoiro e conserváronse cultivos do curso anterior. Esta actividade fomentou valores como a paciencia, a responsabilidade e o coidado do medio.

O alumnado de 4º de Primaria encargouse da recollida de restos orgánicos para o **composteiro**, mentres que en 6º levaron a cabo o mantemento do **horto aromático**, onde se cultivaron plantas como lavanda, romeu ou tomiño. Estes espazos serviron como lugares de relaxación e contacto directo coa natureza.

Ademais, realizáronse múltiples **actividades creativas e culturais**, como:

- **Recunchos estacionais** en Infantil (como o espazo de "neve de papel" no inverno ou creacións con flores e follas na primavera).



- **Celebracións tradicionais** con enfoque ecolóxico: Vendima (pisado de uvas e elaboración de mosto en 2º EP), Samaín (cabazas decoradas como científicos ou nubes), Magosto (con colaboración de familias e mestres xubilados), Nadal (intercambio de adornos reciclados), Día da Paz (mural con tapóns decorados con mensaxes), e Día da Candeloria (puzzles de paxaros e concurso de identificación de especies).
- **Visitas didácticas**, como ao Museo de Belas Artes da Coruña, onde o alumnado de 4º EP experimentou coa luz e a natureza, e á depuradora local, fomentando o coñecemento de servizos ambientais.
- **Obradoiros e charlas ambientais**, como as promovidas polo alumnado do IES Francisco Aguiar no marco do proxecto **"Betanzos Change the Planet"**, animando a separar residuos, manter as aulas limpas e participar nun mercado solidario.

Ao rematar o curso, deixáronse cultivos na horta listos para recoller en setembro, como símbolo de continuidade e compromiso coa aprendizaxe viva.

10.7_ Proxecto de Educación Responsable

O proxecto de Educación Responsable, que ten como obxectivo o desenvolvemento afectivo, social e creativo do alumnado, continuou facendo melloras na convivencia das aulas. As actividades, relacionadas coas distintas materias e os proxectos relacionados coa lectura-literatura e a arte, adaptadas aos grupos de alumnado, supoñen un banco de recursos á disposición do profesorado. Posto que os recursos e a formación que aporta este programa supón un beneficio para o centro, pretendemos continuar coa súa aplicación.

10.8_ Plans PROXECTA (Proxectos de Innovación educativa)

O **Proxecto Deportivo de Centro "VALES ACTIVO"** continuou este curso un plan guiado polo coordinador, a cargo do profesorado de Educación Física, que desenvolveu actividades tanto curriculares coma no tempo de lecer, organizando obradoiros e competicións deportivas, colaborando con entidades externas e buscando a participación activa do alumnado na súa aplicación. Preténdense acadar os obxectivos propostos de loita contra o sedentarismo, hábitos de vida que perduren e coñecemento da alimentación e da actividade física necesaria para unha vida saudable.

A modalidade de **Nutriescolas** contou cun grupo numeroso de profesorado que desenvolveu actividades diversas en torno ao coñecemento dos alimentos, procesado, consumo e respecto ao medio ambiente, adaptándose ao PDI "Un mundo de ciencia", traballado durante todo o curso. A creación de obradoiros e participación en distintas iniciativas implicaron ao alumnado nunha dinámica de sensibilización e coñecemento, de participación activa e en colaboración coas familias, que cumpriron cos obxectivos propostos.



11_ FUNCIONAMENTO DOS ÓRGANOS DE GOBERNO.

Tódolos órganos de goberno do Centro (tanto colexiados como unipersoais) desenvolveron con normalidade as súas competencias. Agradecer o apoio recibido por parte de toda a comunidade educativa, persoal non docente e todas as entidades que dun ou doutro xeito colaboraron para acadar o mellor desenvolvemento do presente curso.

12_ ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA.

O profesorado desenvolveu con normalidade o seu traballo. Recibíronse cursos de formación no centro e fóra do mesmo na procura de novas prácticas metodolóxicas para a aplicación na aula e no centro.

13_ COLABORACIÓN CON OUTRAS ENTIDADES.

Co Servizo de Normalización do Concello de Betanzos. Co Servizo de Turismo do Concello de Betanzos.

Co Equipo de Orientación Específico (EOE).

Co Centro de Formación e Recursos (CFR) da Coruña.

Coas Escolas Universitarias de Formación do Profesorado do alumnado de Practicum.

Cos servizos de Protección Civil e Policía Local (entradas, saídas, asistencia e traslado de alumnado en distintas actividades)

Cos servizos sociais dos Concellos de Betanzos, Coirós e Paderne. Coa Garda Civil.

Co Centro Internacional de Gravado e Estampa de Betanzos.

Coa Cruz Vermella de Betanzos

Coa Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos. Co Club Baloncesto Santo Domingo.

Co IES Francisco Aguiar.

Co IES As Mariñas.

Agradecemento á ANPA Brigantium e a Asociación Concilia pola súa colaboración e compromiso.

Agradecemento ao Concello de Betanzos pola súa colaboración na dotación de recursos materiais e a petición de que siga colaborando para procurar entre todos as melloras necesarias para o Centro.

14_ RECURSOS E MATERIAIS.

Avanzouse na consecución de mellores equipamentos e infraestruturas, así como na dotación do Centro, sen que isto signifique que as demandas de melloras, efectuadas ao longo deste últimos tempos por toda a Comunidade Educativa, estean xa satisfeitas.

15_ ACTIVIDADES DE FORMACIÓN DO PROFESORADO.

Practicamente a totalidade do profesorado participou no PFPP, ademais de desenvolver outras actividades formativas exteriores.



16_ ORGANIZACIÓN PRÓXIMO CURSO.

A previsión de matrícula para o curso 2025-2026 é a que segue:

Etapas	Nivel	Total
E. Infantil	4º	56
	5º	77
	6º	75
TOTAL EI		208

TOTAL	875
-------	-----

Etapas	Nivel	Total
E. Primaria	1º	89
	2º	111
	3º	113
	4º	102
	5º	128
	6º	124
TOTAL EP		667